



## RECURSOS E CAPACIDADES PARA O DESENVOLVIMENTO

5.1.

Capital humano

5.2.

Investigación e tecnoloxía



## 5.1. Capital humano

**O Monitor da Educación e da Formación da Comisión Europea sinala** no seu último informe, que España ten unha das maiores taxas de participación na educación e coidado da primeira infancia (ECPI) da UE. A porcentaxe de persoas que abandonan prematuramente a educación e a formación está a diminuír, e o descenso das competencias básicas foi menos pronunciado que na maioría dos demais países da UE. A educación e formación profesional (EFP) de grao medio segue a considerarse unha opción menos atractiva en comparación con outros itinerarios académicos. Con todo, España está a modernizar o seu sistema de EFP mediante a oferta de formación dual, entre outras medidas. O número de titulados en educación superior alcanzou o obxectivo a escala da UE e segue a aumentar. Porén, o mercado de traballo español non pode absorber o elevado número de titulados, o que dá lugar á maior taxa de sobrecualificación da UE. Ao mesmo tempo, a demanda de especialistas en ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas (CTIM/STEM) supera a oferta, mentres que a matriculación a nivel terciario é inferior á media da UE e está a diminuír, o que apunta a un desaxuste entre a educación superior e a demanda do mercado de traballo.

No dito informe sinálase en concreto que a demanda de especialistas en ciencias e tecnoloxía en España medra máis rápido que a oferta, especialmente en TIC, onde o emprego actual (4,4%) está lonxe do obxectivo europeo do 10% para 2030. A matriculación en disciplinas CTIM na educación superior caeu ao 24,7%, cifra inferior á media da UE (26,9%), e presenta unha fenda de xénero con só un 28,6% de mulleres.

No ámbito da educación infantil e primaria, España rexistra unha taxa de participación do 97,7% en nenos de 3 a 6 anos, superando o obxectivo da UE, e do 55% no grupo de 0 a 2 anos. Sen embargo, o 34,1% dos menores de seis anos está en risco de pobreza, un perfil con menor acceso á escolarización temperá que a media nacional.

**Orzamento consolidado da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación profesional 2025-26:  
distribución dos créditos segundo programas**

	2026		2025		26/25
	(en miles de euros)	(%)	(en miles de euros)	(%)	
<b>Total</b>	<b>3.090.371</b>	<b>100</b>	<b>3.046.773</b>	<b>100</b>	<b>1,4</b>
421A Dirección e servizos xerais de educación	35.357	1,1	34.231	1,1	3,3
422A Educación infantil, primaria e ESO	1.045.584	33,8	1.029.286	33,8	1,6
422C Ensinanzas universitarias	440.368	14,2	432.182	14,2	1,9
422D Educación especial	61.925	2,0	60.289	2,0	2,7
422E Ensinanzas artísticas	46.594	1,5	46.027	1,5	1,2
422G Ensinanzas especiais	23.706	0,8	21.954	0,7	8,0
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	3.274	0,1	3.282	0,1	- 0,2
422M Ensinanza secundaria e Formación Profesional e outras ensinanzas	1.053.006	34,1	1.045.647	34,3	0,7
423A Servizos e axudas complementarias da ensinanza	125.291	4,1	117.388	3,9	6,7
423B Prevención do abandono escolar	28.966	0,9	30.247	1,0	- 4,2
561A Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	107.723	3,5	119.877	3,9	-
561B Investigación universitaria	118.577	3,8	106.363	3,5	11,5

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

■ **5.1.1.**

No que respecta á formación profesional (FP) a matriculación en FP de grao superior en España (25,8%) supera a media europea, pero no grao medio (40%) é inferior ao 52,4% da UE. A taxa de emprego dos titulados recentes de FP en España sitúase no 68,6%, fronte ao 80% da media comunitaria.

Finalmente, no ámbito da educación superior, o 52,6% da poboación de 25 a 34 anos en España ten un título superior, superando o obxectivo da UE do 45%. Porén, o país presenta a maior taxa de sobrecualificación da UE, co 35% dos titulados ocupando postos de baixa cualificación. Para o curso 2024/2025, os prezos públicos das matrículas reducíronse e as bolsas aumentaron un 81,8% desde 2018, mentres a mobilidade internacional se mantén estable con preto de 120.000 intercambios Erasmus+.

A análise do capital humano estrutúrase en catro grandes puntos, nos que se analizará, en primeiro lugar, o ensino non universitario de réxime xeral, onde xunto ao alumnado preséntanse aspectos relativos ás bolsas e axudas, á integración das novas tecnoloxías nas aulas e á formación permanente. En segundo lugar, analízanse as ensinanzas non universitarias de réxime especial, para posteriormente centrarse en terceiro lugar no ensino universitario. En cuarto e último lugar, preséntanse os principais indicadores de resultados do ensino.

O orzamento consolidado inicial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o exercicio 2026 (**cadro 5.1.1.**), ascende ata os 3.090 millóns de euros, o que representa un aumento do 1,4% respecto ao orzamento inicial do exercicio anterior. Os dous programas máis importantes por volume de crédito seguen correspondendo aos de educación infantil, primaria e ESO (422A) e ensinanza secundaria, formación profesional e outras ensinanzas (422M), que en conxunto concentran case o 70% do orzamento consolidado da Consellería.

## Centros docentes en funcionamento 2024-26 <sup>(1)</sup>: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	Curso 2025-26			Curso 2024-25		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
<b>Total</b>	<b>1.343</b>	<b>78,6%</b>	<b>21,4%</b>	<b>1.355</b>	<b>78,5%</b>	<b>21,5%</b>
Educación infantil	90	92,2%	7,8%	95	91,6%	8,4%
Educación infantil e primaria (2)	621	96,0%	4,0%	627	95,7%	4,3%
Educación primaria e ESO (3)	166	38,6%	61,4%	165	38,8%	61,2%
ESO	32	93,8%	6,3%	33	93,9%	6,1%
ESO e ensinanzas postobrigatorias	218	96,3%	3,7%	216	96,8%	3,2%
Ensinanzas postobrigatorias	98	49,0%	51,0%	102	47,1%	52,9%
Educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias (3)	72	0,0%	100,0%	71	0,0%	100,0%
Adultos (4)	10	100,0%	0,0%	10	100,0%	0,0%
Educación especial	36	38,9%	61,1%	36	38,9%	61,1%

(1) estimación; soamente se inclúen os centros docentes en funcionamento que imparten ensinanzas de réxime xeral

(2) inclúense os centros que imparten soamente educación primaria

(3) inclúense os centros que, ademais das ensinanzas específicas, imparten o 2º ciclo de educación infantil

(4) inclúense os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, *Datos e cifras do ensino non universitario*

### ■ 5.1.2.

## Ensinanzas non universitarias de réxime xeral

O sistema educativo español, conforme á estrutura fixada no Artigo 3 da Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola LOMLOE, organízase de xeito secuencial en etapas que abranguen desde a Educación Infantil ata a Educación Superior. Dentro deste marco legal, as ensinanzas non universitarias constitúen o eixe central do réxime xeral, clasificándose na Educación Básica obrigatoria e gratuíta, que integra a Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e os ciclos de Grao Básico, e na educación postobrigatoria e voluntaria, como o Bacharelato e a Formación Profesional de Grao Medio.

O número de centros de ensinanzas de réxime xeral non universitarias en Galicia no curso 2025-26 ascendeu a 1.343 (**cadro 5.1.2.**), dos que o 78,6% son públicos e o 21,4% privados, mantendo unha distribución semellante á do curso anterior. As etapas obrigatorias, como educación infantil e primaria, así como as que inclúen ESO ou ESO e ensinanzas postobrigatorias, mostran unha maior presenza do sector público, pola contra destaca que a totalidade dos centros que imparten primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias son privados. As ensinanzas para persoas adultas seguen sendo impartidas exclusivamente por centros públicos, mentres que a educación especial mantén unha estrutura mixta, cunha lixeira maioría de centros privados (61,1%).

Segundo os datos recollidos no **cadro 5.1.3.**, o mapa de centros docentes en funcionamento en Galicia entre 2019 e 2025 varía significativamente en función de se a súa titularidade é pública ou privada, reflectindo, ao mesmo tempo, unha notable asimetría na súa distribución por todo o territorio galego.

Centros docentes en funcionamento 2019-25 <sup>(1)</sup>: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	Centros públicos					Centros privados				
	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
<b>Total</b>										
2019	1.091	425	149	128	389	284	112	26	30	116
2020	1.082	417	150	128	387	286	114	26	31	115
2021	1.082	416	151	128	387	283	111	26	31	115
2022	1.079	414	150	128	387	282	112	26	30	114
2023	1.075	413	150	128	384	283	113	26	30	114
2024	1.072	410	150	128	384	280	112	25	30	113
2025	1.063	404	150	126	383	281	113	25	30	113
<b>Educación infantil</b>										
2019	108	47	4	3	54	9	5	-	-	4
2020	101	42	4	3	52	9	5	-	-	4
2021	98	39	4	3	52	9	5	-	-	4
2022	98	38	4	4	52	8	5	-	-	3
2023	95	38	4	3	50	8	5	-	-	3
2024	95	37	4	4	50	7	5	-	-	2
2025	85	31	4	3	47	7	5	-	-	2
<b>Educación infantil e primaria</b>										
2019	609	224	86	83	216	31	18	3	2	8
2020	607	221	87	83	216	32	20	3	1	8
2021	584	219	84	73	208	26	17	3	1	5
2022	582	219	83	69	211	25	16	3	1	5
2023	580	218	83	71	208	23	15	3	1	4
2024	580	216	83	71	210	23	15	3	1	4
2025	578	215	84	71	208	23	14	3	1	5
<b>Educación primaria e ESO</b>										
2019	64	28	12	8	16	98	24	14	12	48
2020	64	28	12	8	16	101	26	13	14	48
2021	88	32	15	18	23	107	29	13	14	51
2022	60	27	12	5	16	80	24	11	6	39
2023	61	27	12	6	16	86	26	12	7	41
2024	60	27	12	5	16	87	26	12	9	40
2025	60	26	12	6	16	92	29	13	9	41
<b>ESO e ensinanzas postobr. (EP)</b>										
2019	285	117	42	30	96	53	21	6	8	18
2020	285	117	42	30	96	55	22	6	9	18
2021	289	120	46	31	92	43	17	3	6	17
2022	286	117	43	31	95	75	30	6	9	30
2023	286	119	44	30	93	51	18	4	8	21
2024	283	117	43	30	93	48	18	2	8	20
2025	313	126	48	34	105	65	25	5	7	28
<b>Educación primaria, ESO e EP</b>										
2019	-	-	-	-	-	72	35	3	7	27
2020	-	-	-	-	-	68	32	4	6	26
2021	1	-	-	-	1	66	30	4	6	26
2022	28	4	3	16	5	94	37	6	14	37
2023	28	4	3	14	7	89	35	5	13	36
2024	26	4	3	14	5	88	35	5	11	37
2025	27	6	2	12	7	83	34	4	11	34
<b>Educación de adultos</b>										
2019	11	3	3	2	3	-	-	-	-	-
2020	11	3	3	2	3	-	-	-	-	-
2021	3	1	1	-	1	9	3	-	3	3
2022	11	3	3	2	3	-	-	-	-	-
2023	11	3	3	2	3	10	4	1	1	4
2024	11	3	3	2	3	9	4	-	2	3
2025	-	-	-	-	-	10	5	-	2	3
<b>Educación especial</b>										
2019	14	6	2	2	4	21	9	-	1	11
2020	14	6	2	2	4	21	9	-	1	11
2021	19	5	1	3	10	23	10	3	1	9
2022	14	6	2	1	5	-	-	-	-	-
2023	14	4	1	2	7	26	14	2	1	9
2024	17	6	2	2	7	27	13	3	1	10
2025	-	-	-	-	-	1	1	-	-	-

(1) os datos do curso 2025 son provisionais

Os datos dun ano correspóndense cos do curso académico que remata nese ano. Cada centro aparece contabilizado unha soa vez. Non se inclúen os centros que imparten exclusivamente o primeiro ciclo de educación infantil. As ensinanzas postobrigatorias comprenden o bacharelato (ordinario e de adultos), os ciclos formativos (ordinarios e de adultos) e a oferta modular de ciclos formativos de adultos. Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de adultos, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias. En "educación infantil e primaria" están incluídos os centros que imparten só educación primaria. En "Educación primaria e ESO" e "Educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias" están incluídos os centros que, ademais das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de educación infantil. En "adultos" inclúense os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos.

Fonte: IGE, Ensinanza non universitaria,

### Unidades en funcionamento en centros docentes de réxime xeral en Galicia 2008 e 2025 <sup>(1)</sup>: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	U.F. Total de centros				U.F. Centros públicos		U.F. Centros privados	
	2008	2025	2008	2025	2008	2025	2008	2025
	2008		2025		(% sobre o total de centros)			
	(%)		(%)					
<b>Total</b>	<b>19.337</b>	<b>100</b>	<b>20.143</b>	<b>100</b>	<b>76,1</b>	<b>75,7</b>	<b>23,9</b>	<b>24,3</b>
Infantil	3.412	17,6	2.669	13,3	73,7	69,0	26,3	31,0
Primaria	6.937	35,9	6.508	32,3	74,4	72,9	25,6	27,1
Mixtas infantil/primaria	121	0,6	885	4,4	100,0	94,2	0,0	5,8
ESO	4.602	23,8	4.430	22,0	74,0	73,2	26,0	26,8
Formación profesional básica	-	-	447	2,2	-	84,8	-	15,2
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	785	4,1	1.386	6,9	81,7	80,6	18,3	19,4
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	759	3,9	1.165	5,8	81,0	78,0	19,0	22,0
Bacharelato ordinario	1.600	8,3	1.373	6,8	80,5	81,4	19,5	18,6
Programas de cualificación profesional inicial	236	1,2	-	ND	86,0	ND	14,0	ND
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	324	1,7	164	0,8	92,3	99,4	7,7	0,6
Ciclos formativos de adultos	181	0,9	588	2,9	100,0	99,8	0,0	0,2
Bacharelato de adultos	153	0,8	41	0,2	98,7	100,0	1,3	0,0
Educación especial	227	1,2	448	2,2	59,9	52,5	40,1	47,5
Programas formativos	ND	ND	34	0,2	ND	100,0	ND	0,0

(1) os datos do curso 2025 son provisionais

(ND): non dispoñible

(-): non procede

Fonte: IGE, *Ensinanza non universitaria*

#### ■ 5.1.4.

Entre os centros públicos, obsérvase un leve descenso continuo do número total, pasando de 1.091 en 2019 a 1.063 en 2025, con reducións nas provincias da Coruña e Pontevedra e unha maior estabilidade nas provincias de Lugo e Ourense. Esta diminución afecta especialmente aos centros de educación infantil, que pasan de 108 a 85, e de educación infantil e primaria, que descenden de 609 a 578 no período analizado. Pola contra, destaca o incremento progresivo dos centros que imparten ESO e ensinanzas postobrigatorias, que soben de 285 en 2019 a 313 en 2025.

No caso dos centros privados, a cifra total mantense máis estable (de 284 en 2019 a 281 en 2025), pero con cambios internos significativos: os centros que combinan educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias experimentan un incremento (de 72 a 83), indicando unha tendencia á concentración da oferta educativa en centros con ampla cobertura.

Para poder valorar a capacidade do sistema educativo, xunto co número de centros, hai que ter en conta o número de unidades en funcionamento nos mesmos (**cadro 5.1.4.**). Entendemos as unidades en funcionamento nun centro como o grupo de alumnado que ten un mesmo titor e que cursa gran parte do seu horario lectivo conxuntamente. No ano 2025 aumenta lixeiramente o número de unidades en funcionamento tanto nos centros públicos coma nos privados. O número de unidades en funcionamento ascende a 20.143, das que 15.249 son públicas e as restantes 4.894 privadas.

Comparado coa situación existente no ano 2008, o número de unidades aumenta un 4,2%, un

aumento que se produce nos centros privados, con 268 unidades en funcionamento máis (5,8%), como nos centros públicos cun incremento do 3,7% (538 unidades máis).

Atendendo á distribución das unidades en funcionamento en centros docentes segundo modalidade de ensinanza, dende o ano 2008 ata 2025, a perda de unidades en funcionamento localízase fundamentalmente nos centros específicos de educación infantil e nos centros de educación primaria, perda que non se ve compensada polo incremento de centros mixtos de infantil e primaria. Neste senso, o descenso no número de unidades en funcionamento nos centros de educación infantil e de educación primaria (1.172 unidades menos entre os dous anos considerados), ven acompañada dun aumento de 764 unidades en funcionamento en unidades mixtas infantil/primaria no período sinalado.

Así mesmo é tamén salientable a redución de unidades no caso do bacharelato, tanto ordinario (227 unidades menos) como para adultos (112 menos); tamén se reducen en 172 as unidades en funcionamento en centros de ESO. Fronte a estas caídas, dende o ano 2008 ata 2025 incrementáanse as unidades en funcionamento nos centros que imparten ciclos formativos ordinarios, tanto de grao medio (601 unidades máis) como superior (406 unidades máis); en centros que imparten ciclos formativos para adultos (407 unidades máis); así como en centros de educación especial (221 unidades máis).

A distribución das unidades polo grao de urbanización do concello no que están situadas, **cadro 5.1.5.**, amosa que o número de unidades en funcionamento nos centros públicos docentes aumenta tanto nas zonas densamente poboadas como nas zonas intermedias ou pouco poboadas. Dunha banda, as zonas densamente poboadas contan cun total de 5.204 unidades en funcionamento distribuídas en 267 centros, os mesmos que no ano anterior; as denominadas zonas intermedias, con 6.1332 unidades (distribuídas en 404 centros, cinco menos que o ano anterior). Doutra banda, o ámbito rural (zonas pouco poboadas) conta con 3.574 unidades, en 392 centros, catro menos que no ano anterior.

O informe anual do Consello Escolar do Estado 2025, con datos do curso académico 2022-2023 ou 2023-2024, sinala que en Galicia exerceron docencia directa en Ensinanzas de Réxime Xeral 41.345 profesores. Analizando a distribución por idades do profesorado de réxime xeral, nas distintas Comunidades Autónomas atopamos diferenzas moi importantes. No conxunto do Estado, no curso 2022-2023 o grupo máis mozo, con menos de 30 anos, supón o 8% do total, media que acadada exactamente Galicia. No outro extremo, os docentes con 60 anos ou máis supoñen o 6,6% no contexto nacional, situándose en Galicia no 8,1%.

No que respecta á distribución porcentual por idades do profesorado de ensino secundario, cabe sinalar que o grupo con menos de 30 anos supón o 6,2% do total, acadando a porcentaxe máis reducida do Estado, Galicia con tan só o 4% do seu profesora de secundaria con menos de 30 anos. No outro extremo de idade, o profesorado de ensino secundario con 60 anos ou máis supón o 6,6% en todo o ámbito nacional, e cunha porcentaxe moi superior á media do país no tramo do profesorado con máis idade, sitúanse Galicia cun 9% do total.

A presenza relativa de mulleres no profesorado nas ensinanzas de réxime xeral, tanto nas dis-

### Centros públicos de réxime xeral e unidades en funcionamento de enseñanza non universitaria por grao de urbanización 2024-25

Grao e subgrao de urbanización	Centros		Unidades en funcionamento en centros públicos	
	2025	2024	2025	2024
ZDP	267	267	5.204	5.111
ZIP	404	409	6.133	6.082
ZIP alta	294	300	4.628	4.584
ZIP baixa	110	109	1.505	1.498
ZPP	392	396	3.574	3.533
ZPP alta	96	97	1.199	1.187
ZPP baixa	226	228	1.671	1.653
ZPP intermedia	70	71	704	693

Fonte: elaboración propia a partires de datos do IGE

### Alumnado matriculado en centros de réxime xeral en funcionamento de ensino non universitario por grao de urbanización <sup>(1)</sup>

2025			
Grao e subgrao de urbanización	Educación Infantil	Educación Primaria	Educación secundaria obrigatoria (ESO)
ZDP	19.032	51.194	40.802
ZIP	18.443	48.222	38.153
ZIP alta	14.145	37.348	29.120
ZIP baixa	4.298	10.874	9.033
ZPP	10.028	24.342	16.085
ZPP alta	3.633	8.823	6.777
ZPP baixa	4.562	10.832	5.685
ZPP intermedia	1.833	4.687	3.623
2024			
Grao e subgrao de urbanización (2)	Educación Infantil	Educación Primaria	Educación secundaria obrigatoria (ESO)
ZDP	19.886	52.420	40.901
ZIP	19.198	49.341	38.641
ZIP alta	14.760	38.171	29.463
ZIP baixa	4.438	11.170	9.178
ZPP	10.215	24.446	15.922
ZPP alta	3.691	8.960	6.728
ZPP baixa	4.652	10.815	5.594
ZPP intermedia	1.872	4.671	3.600

(1) Centros sostidos con fondos públicos

Fonte: elaboración propia a partires de datos do IGE

tintas etapas educativas como nas diferentes CCAA, é maior ca dos homes, fundamentalmente nos niveis de educación primaria, infantil e especial. En concreto, a presenza de mulleres en Galicia é superior á media do Estado, así no curso 2023-2024, o 74,5% do profesorado de ensinanzas de réxime xeral en Galicia son mulleres (72,3% no Estado), situándose esta porcentaxe no 87,6% no caso da Educación infantil e primaria (84,1% de media no Estado) e no 61,9% na ESO e Formación Profesional (59,9% de media no Estado).

Segundo datos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no curso 2025-2026, o alumnado matriculado en Galicia ascende a 381.561 persoas, dos que o 90,4% é alumnado do ensino de réxime xeral e o 9,6% restante correspóndese con alumnos do réxime de adultos. Tal como ven acontecendo en anos anteriores, o descenso do alumnado prodúcese no caso do réxime xeral, cunha caída do 0,9% (3.104 alumnas e alumnos menos), fronte ao aumento do 5,5% no caso do réxime de adultos, con 1.914 alumnos e alumnas máis.

Dentro das ensinanzas de réxime xeral, o maior descenso de matriculacións prodúcese na educación primaria, que no curso 2025-2026 redúcese en 2.411 nenas e nenos respecto ao curso anterior, o que supón un descenso do 1,9%; situándose esta caída no 2,1% no caso da educación infantil (1.019 alumnos e alumnas menos), os alumnos matriculados na Educación secundaria obrigatoria tamén descenden un 1,3% en relación ao curso anterior (1.284 menos). Pola contra, aumenta nun 1,4% (459 matriculacións máis) no Bacharelato ordinario e en especial un aumento do 2,9% nos ciclos formativos ordinarios (1.192 persoas máis) (**cadro 5.1.7.**).

En función do grao de urbanización dos concellos onde está localizado o centro, o 21,1% dos alumnos matriculados en educación infantil no ano 2025 en Galicia localízanse en zonas pouco poboadas, así como o 19,7% dos alumnos de educación primaria e o 16,9% de ESO, porcentaxes lixeiramente superiores aos do ano anterior (20,5%, 19,3% e 16,6%, respectivamente) (**cadro 5.1.5.**).

No que respecta á evolución do alumnado que cursa o bacharelato ordinario e a súa distribución segundo modalidades, no curso 2025-26 o bacharelato de humanidades e ciencias sociais e o de ciencias e tecnoloxía concentran o 45,7% e 47,9% das matriculacións respectivamente; en tanto que a porcentaxe de alumnado que optou por un bacharelato na rama de artes foi do 5,1%, optando polo novo bacharelato xeral o 1,3% do alumnado.

A distribución segundo sexos do alumnado de bacharelato ordinario mostra o predominio das matriculacións de mulleres nas modalidades de artes e humanidades e ciencias sociais. No último curso, o 76,4% das matriculacións na modalidade de artes corresponden a mulleres, situándose esta porcentaxe no 58,2% no caso das humanidades e ciencias sociais. As mulleres representan o 47,9% das persoas matriculadas no bacharelato de ciencias e tecnoloxía.

No concernente á Formación Profesional (**cadro 5.1.8.**), o alumnado matriculado nos ciclos formativos ordinarios ascendeu a 65.551 persoas no curso 2024-25 (último dispoñible), o que supón que o peso relativo do alumnado matriculado en FP en relación ao total do ensino é do 16,2%, cando no curso 2015-16 era do 12,2%, un incremento de 4 puntos porcentuais. Os datos publicados polo Ministerio de Educación e Formación Profesional para o curso 2024-25 indican

### Alumnado matriculado 2024-2026 <sup>(1)</sup>: distribución segundo ensino e titularidade do centro

	Curso 2025-26				Curso 2024-25			
	Total	Centros Públicos	Centros Privados		Total	Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
			(% sobre o total de alumnado)				(% sobre o total de alumnado)	
<b>Total</b>	<b>381.561</b>				<b>382.751</b>			
<b>Réxime xeral</b>	<b>345.103</b>	<b>64,6</b>	<b>23,0</b>	<b>2,6</b>	<b>348.207</b>	<b>64,7</b>	<b>23,1</b>	<b>2,6</b>
Bacharelato ordinario	34.046	-	-	-	33.587	-	-	-
Ciclos formativos ordinarios	42.308	76,2	16,6	7,2	41.116	76,2	16,7	7,1
Educación infantil	47.355	70,8	27,4	1,8	48.374	70,8	27,4	1,8
Educación primaria	123.987	71,0	26,9	2,1	126.398	71,0	26,9	2,1
ESO	96.245	71,2	26,3	2,6	97.529	71,2	26,3	2,6
Educación especial	1.162	44,7	55,3	-	1.203	44,0	56,0	-
<b>Réxime de adultos</b>	<b>36.458</b>				<b>34.544</b>			
Nivel I, Nivel II, Ed.Sec.Adultos (Nivel III)	4.536				4.606			
Oferta modular / Ciclos formativos	22.603				20.844			
Formación Profesional Dual	4.039				3.836			
Bacharelato	2.795				2.911			
Ensinanzas non regradas	2.485				2.347			

(1) Os datos do curso 2024/25 son provisionais e os do 2025/26 estimacións

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, *Datos e cifras do ensino non universitario*

## ■ 5.1.6.

### Alumnado matriculado en bacharelato ordinario 2015-26: distribución segundo modalidade

	2015/16		2021/22		2022/23		2023/24		2024/25		2025/26	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>14.702</b>	<b>16.457</b>	<b>15.594</b>	<b>17.839</b>	<b>15.402</b>	<b>17.657</b>	<b>15.225</b>	<b>17.576</b>	<b>14.860</b>	<b>17.825</b>	<b>14.977</b>	<b>17.570</b>
Artes	483	1.070	454	1.363	439	1.479	432	1.461	392	1.385	391	1.267
Ciencias	8.541	7.112	8.371	7.498	3.921	3.577	-	-	-	-	-	-
Ciencias e tecnoloxía					4.396	3.764	8.443	7.428	8.310	7.660	8.132	7.465
Humanidades e ciencias sociais	5.678	8.275	6.769	8.978	6.518	8.713	6.101	8.501	5.926	8.589	6.214	8.655
Xeral					128	124	249	186	232	191	240	183
					(% sobre o total de alumnos en cada curso)							
Artes	3,3	6,5	2,9	7,6	2,9	8,4	2,8	8,3	2,6	7,8	2,6	7,2
Ciencias	58,1	43,2	53,7	42,0	25,5	20,3	-	-	-	-	-	-
Ciencias e tecnoloxía	-	-	-	-	28,5	21,3	55,5	42,3	55,9	43,0	54,3	42,5
Humanidades e ciencias sociais	38,6	50,3	43,4	50,3	42,3	49,3	40,1	48,4	39,9	48,2	41,5	49,3
Xeral	-	-	-	-	0,8	0,7	1,6	1,1	1,6	1,1	1,6	1,0

A partir de 2015/16 a modalidade de humanidades e ciencias sociais constará das submodalidades de humanidades e de ciencias sociais

Coa implantación da LOMLOE, no curso 2022-23, no 1º de bacharelato, a modalidade de ciencias pasa a denominarse Ciencias e Tecnoloxía

Coa implantación da LOMLOE, no curso 2022-23, no 1º de bacharelato, o surge a nova modalidade de Xeral

Os datos do curso 2024-25 son provisionais depurados; os do curso 2025-26 son provisionais non depurados

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, *Datos e cifras do ensino non universitario*

## ■ 5.1.7.

**Peso relativo do alumnado matriculado en Formación Profesional sobre o total do ensino**

	Curso 2024/25		
	Total ensino	Ciclos Formativos de FP	FP / Total ensino (%)
Andalucía	1.580.526	206.216	13,0
Aragón	222.216	30.433	13,7
Asturias	132.157	18.548	14,0
Baleares	198.140	20.756	10,5
Canarias	330.648	48.907	14,8
Cantabria	92.611	15.105	16,3
Castela e León	349.752	48.522	13,9
Castela-A Mancha	363.397	45.205	12,4
Cataluña	1.403.107	227.386	16,2
Valencia	922.758	133.741	14,5
Extremadura	169.088	22.722	13,4
<b>Galicia</b>	<b>404.627</b>	<b>65.551</b>	<b>16,2</b>
	174.607	28.659	16,4
	42.783	6.559	15,3
	38.660	6.008	15,5
	148.577	24.325	16,4
Madrid	1.259.864	180.192	14,3
Murcia	312.551	40.109	12,8
Navarra	119.005	14.352	12,1
País Vasco	362.460	48.955	13,5
A Rioxa	57.081	9.124	16,0
Ceuta e Melilla	39.041	5.448	14,0
<b>Total</b>	<b>8.319.029</b>	<b>1.181.272</b>	<b>14,2</b>

Fonte: Min. de Educación, Formación Profesional y Deportes, EDUCABase

■ 5.1.8.

**Alumnado matriculado en formación profesional básica**

	Curso 25-26				Curso 24-25			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
	(%) (1)				(%) (1)			
Actividades físicas e deportivas	66	9	1,7	0,5	54	10	1,4	0,6
Administración e xestión	287	364	7,4	21,0	270	359	7,1	21,9
Agraria	148	59	3,8	3,4	127	62	3,4	3,8
Artes gráficas	54	50	1,4	2,9	53	58	1,4	3,5
Comercio e márketing	141	207	3,6	11,9	124	197	3,3	12,0
Edificación e obra civil	77	5	2,0	0,3	65	4	1,7	0,2
Electricidade e electrónica	695	76	17,8	4,4	629	55	16,6	3,4
Fabricación mecánica	321	11	8,2	0,6	311	14	8,2	0,9
Hostalaría e turismo	231	207	5,9	11,9	209	197	5,5	12,0
Imaxe persoal	82	328	2,1	18,9	57	286	1,5	17,5
Industrias alimentarias	32	41	0,8	2,4	37	32	1,0	2,0
Informática e comunicacións	737	219	18,9	12,6	805	230	21,3	14,0
Instalación e mantemento	15	2	0,4	0,1	45	2	1,2	0,1
Madeira, moble e cortiza	245	23	6,3	1,3	239	29	6,3	1,8
Marítimo-pesqueira	13	-	0,3	-	17	1	0,4	0,1
Servizos socioculturais e á comunidade	9	13	0,2	0,7	9	9	0,2	0,5
Téxtil, confección e pel	38	77	1,0	4,4	28	62	0,7	3,8
Transporte e mantemento de vehículos	710	46	18,2	2,6	699	31	18,5	1,9

(1) % sobre o total da familia

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

■ 5.1.9.

que Galicia presenta un peso relativo das matriculacións en ciclos formativos superior á media estatal (14,2%).

No curso 2025-26, o 54,3% das persoas matriculadas en FP o están en ciclos de grao superior (37.834 matriculacións), o 37,6% nos de grao medio (26.254 persoas) e o 8% restante (5.638 persoas) na formación profesional básica.

A Formación Profesional Básica está concibida como unha ensinanza modular, destinada a mozos e mozas entre quince e dezasete anos, que ten como finalidade específica que o alumnado adquira competencias que faciliten a súa transición á vida activa ou a súa continuidade no sistema educativo. A súa duración é de 2.000 horas, equivalentes a dous cursos académicos a tempo completo; unha duración que poderá ser ampliada a tres cursos académicos nos casos en que os ciclos formativos sexan incluídos en programas ou proxectos de formación profesional dual.

O número estimado de alumnos e alumnas matriculados nos ciclos formativos ordinarios da FP Básica en Galicia no curso 2025-26 foi de 5.638 persoas, 222 máis que no curso anterior, das que 3.901 son homes e 1.737 mulleres.

A desagregación por sexos dos alumnos matriculados por familias profesionais (**cadro 5.1.10.**) mostra a existencia de distintas preferencias profesionais. Neste senso, no ámbito da Formación Profesional básica, no curso 2025-26 as mulleres matricúlanse principalmente nas modalidades de Administración e xestión (21%), imaxe persoal e informática e comunicacións (18,9% e 12,6% respectivamente), por tanto estas tres modalidades concentran o 52,5% das alumnas matriculadas. No que respecta aos homes, as tres primeiras ramas en importancia segundo o alumnado matriculado concentran o 54,9% das matriculacións: informática e comunicacións (18,9%), transporte e mantemento de vehículos (18,2%), e electricidade e electrónica (17,8%).

No que respecta aos ciclos formativos de grao medio e superior, o devandito **cadro 5.1.10.** mostra as matriculacións por sexos, distribuídas por familias profesionais. No que atinxe aos ciclos formativos ordinarios de grao medio, aos que se accede co título de graduado en educación secundaria, co título de formación profesional básica ou mediante unha proba de acceso, no curso 2025-26 había un total de 26.254 persoas matriculadas en Galicia, 12.061 mulleres e 14.193 homes. Analizando as modalidades profesionais, salienta que o 41,2% das mulleres matricúlanse na modalidade de sanidade, seguido polas matriculacións en Administración e xestión e a de servizos socioculturais e á comunidade (17,6% e 9%, respectivamente), en tanto que as matriculacións máis numerosas no caso dos homes corresponde á familia profesional de electricidade e mecánica (15,2%), transporte e mantementos de vehículos (13,8%) e informática e comunicacións, co 11,9% das matriculacións.

Os ciclos formativos de formación profesional de grao superior son ensanzas modulares que inclúen un módulo de formación en centros de traballo que se desenvolve nunha empresa. A estes ciclos accédese co título de bacharelato, co título de técnico ou mediante unha proba de acceso. No curso 2025-26 en Galicia hai 37.834 persoas matriculadas, 19.025 mulleres e 18.809 homes. Nos ciclos formativos de grao superior as mulleres matricúlanse maioritariamente nas

**Alumnado matriculado en ciclos formativos segundo as familias profesionais. Curso 2025-26 <sup>(1)</sup>**

	Ciclos formativos de grao medio		Ciclos formativos de grao superior		Ciclos formativos de grao medio		Ciclos formativos de grao superior	
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
					( <i>%</i> )		( <i>%</i> )	
Actividades físicas e deportivas	404	121	1.064	352	2,8	1,0	5,7	1,9
Administración e xestión	1.371	2.122	1.723	3.494	9,7	17,6	9,2	18,4
Agraria	363	194	650	445	2,6	1,6	3,5	2,3
Artes gráficas	203	186	64	141	1,4	1,5	0,3	0,7
Comercio e márketing	476	524	1.396	1.936	3,4	4,3	7,4	10,2
Edificación e obra civil	107	25	396	345	0,8	0,2	2,1	1,8
Electricidade e electrónica	2.155	122	2.048	174	15,2	1,0	10,9	0,9
Enerxía e auga	6	-	288	52	0,0	0,0	1,5	0,3
Fabricación mecánica	1.342	74	674	92	9,5	0,6	3,6	0,5
Hostalaría e turismo	576	455	754	1.093	4,1	3,8	4,0	5,7
Imaxe e son	182	84	739	570	1,3	0,7	3,9	3,0
Imaxe persoal	134	761	53	675	0,9	6,3	0,3	3,5
Industrias alimentarias	191	401	170	192	1,3	3,3	0,9	1,0
Industrias extractivas	19	15	-	-	0,1	0,1	0,0	0,0
Informática e comunicacións	1.696	256	4.108	991	11,9	2,1	21,8	5,2
Instalación e mantemento	668	38	997	60	4,7	0,3	5,3	0,3
Madeira, moble e cortiza	526	83	222	115	3,7	0,7	1,2	0,6
Marítimo-pesqueira	246	25	410	62	1,7	0,2	2,2	0,3
Química	112	159	243	339	0,8	1,3	1,3	1,8
Sanidade	1.254	4.968	877	3.505	8,8	41,2	4,7	18,4
Seguridade e medio ambiente	28	8	235	349	0,2	0,1	1,2	1,8
Servizos socioculturais e á comunidade	138	1.080	532	3.646	1,0	9,0	2,8	19,2
Téxtil, confección e pel	37	163	50	293	0,3	1,4	0,3	1,5
Transporte e mantemento de vehículos	1.959	197	1.116	104	13,8	1,6	5,9	0,5

(1) % sobre o total da familia

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

### ■ 5.1.10.

modalidades de servizos socioculturais e á comunidade (19,2%), Sanidade (18,4%) e Administración e xestión (18,4%); mentres que entre os homes a modalidade con máis matriculacións son as de informática e comunicacións (21,8%), electricidade e electrónica (10,9%) e Administración e xestión (9,2%).

Finalmente, cómpre destacar os proxectos de Formación Profesional Dual (FP dual), caracterizada porque a formación é compartida entre o centro educativo e a empresa, ben a través de contratos de formación e aprendizaxe, ben por bolsa, cunha duración máxima de tres anos. Segundo os datos provisionais publicados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional, a oferta de ciclos formativos para o curso 2025-26 foi de 495 ciclos, dos que 9 son de grao básico, 209 son de grao medio e 277 de grao superior.

Atendendo á distribución provincial, A Coruña oferta un total de 227 ciclos formativos, Pontevedra 123, Lugo 79 e finalmente 66 en Ourense.

Finalmente, o alumnado de FP dual no curso 2025-2026 ascendeu a 4.209 persoas, das que 68 son alumnos do grao básico, 1.573 estaban matriculados de ciclos de grao medio e 2.568 en ciclos de grao superior.

### Alumnado estranxeiro 2024-26<sup>(1)</sup>: distribución segundo ensino

	Curso 2025-26	Curso 2024-25
<b>Réxime xeral</b>	27.806	24.452
Bacharelato ordinario	1.304	1.167
Ciclos formativos ordinarios	3.532	3.238
Educación infantil	2.953	2.743
Educación primaria	11.609	9.877
ESO	8.408	7.427
<b>Réxime adultos</b>	5.133	4.973

(1) Os datos do curso 2024/25 son provisionais e os do 2025/26 estimacións

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, *Datos e cifras do ensino non universitario*

#### ■ 5.1.11.

Ao tempo que medra o número de persoas estranxeiras residentes en Galicia, no curso 2025-26 medra novamente o alumnado estranxeiro matriculado no ensino de réxime xeral. No último curso Galicia conta con 27.806 alumnos e alumnas estranxeiras (**cadro 5.1.11.**), o que representa un incremento do 13,7%, 3.354 persoas máis. O alumnado estranxeiro aumenta en todas as modalidades de estudo, sendo máis pronunciado no caso da educación primaria, con 1.732 alumnas e alumnos estranxeiros máis no último curso (17,5% máis), seguido polo alumnado en ESO, con 981 persoas máis (13,2%). A diferenza do que acontece no curso anterior, aumenta o alumnado no caso do réxime de adultos, que se sitúa en 5.133 persoas, un 3,2% máis que no curso anterior (160 persoas máis).

#### • Bolsas e axudas

Para o curso 2023-2024 (último dispoñible) non se presentan datos das bolsas e axudas ao estudo concedidas polas diferentes administracións en Galicia. Non se dispón de información do número de bolseiros, das bolsas nin do importe das mesmas, segundo administración e tipo de ensino.

Ademais destas bolsas, existen outros mecanismos de apoio económico, como programas de gratuidade de libros de texto e material escolar ou outras iniciativas que, sen ter carácter universal nin ser contabilizadas como bolsas, son promovidas por administracións educativas, como é o caso da galega, nos niveis obrigatorios. Tamén se inclúen axudas individualizadas para servizos complementarios —como transporte, comedor ou internado— que se conceden, cando resulta necesario, co fin de facilitar a escolarización do alumnado que debe cursar ensinanzas obrigatorias fóra do seu municipio de residencia.

No conxunto destas últimas axudas vinculadas á educación, destacan, especialmente nalgúns niveis educativos, aquelas destinadas a servizos complementarios, como o comedor e o transporte escolar, así como os programas de gratuidade solidaria, que inclúen axudas para a adquisición de libros de texto, o acceso ao fondo solidario de libros e o financiamento de material escolar.

**Bolseiros, bolsas e axudas concedidas e importe das axudas 2023-24: distribución segundo ensino e administración financiadora**

	España			Galicia			Galicia / España		
	Todas Admóns.	Ministerio	CC.AA.	Todas Admóns.	Admón. Central	Admón. CC.AA.	Todas Admóns.	Ministerio	Admón. CC.AA.
	(%)								
<b>Bolseiros</b>	3.057.966	1.399.768	1.658.198	26.501	73.946	1.512	0,9	5,3	0,1
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	1.887.376	413.032	1.474.344	-	20.689	-	0,0	5,0	0,0
E. postobligatorias non universitarias	588.717	460.848	127.869	-	28.268	-	0,0	6,1	0,0
E. universitarias	581.873	525.888	55.985	26.501	24.989	1.512	4,6	4,8	2,7
<b>Bolsas e axudas (1)</b>	4.950.233	2.847.788	2.102.445	62.922	143.183	1.673	1,3	5,0	0,1
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	2.224.850	413.032	1.811.818	-	20.689	-	0,0	5,0	0,0
E. postobligatorias non universitarias	1.161.741	1.008.590	153.151	-	61.245	-	0,0	6,1	0,0
E. universitarias	1.563.642	1.426.166	137.476	62.922	61.249	1.673	4,0	4,3	1,2
<b>Importe (miles de euros)</b>	3.731.036,8	2.403.834,1	1.327.202,8	79.277,7	149.123,6	2.361,8	2,1	6,2	0,2
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	1.275.552,7	241.075,1	1.034.477,6	-	17.888,7	-	0,0	7,4	0,0
E. postobligatorias non universitarias	1.108.186,0	918.820,6	189.365,4	-	54.318,9	-	0,0	5,9	0,0
E. universitarias	1.347.298,1	1.243.938,4	103.359,8	79.277,7	76.916,0	2.361,8	5,9	6,2	2,3

(1) Considéranse bolsas ou axudas as transferencias destinadas a estudantes/fogares, ben directas ou canalizadas a través de institucións educativas, pagos en especie e reducións de prezos, que teñen por finalidade ben incentivar a iniciar ou proseguir os estudos axudando a sufragar os gastos derivados dos mesmos, ou ben recompensar un excelente rendemento académico. Non se inclúen as axudas individualizadas por servizos complementarios (transporte, comedor e internado) que as Administracións educativas prestan de forma gratuíta por imperativo legal a aqueles alumnos de educación básica (educación primaria, ESO e educación especial) a causa da súa escolarización nun municipio distinto ao da súa residencia.

Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, *Recursos económicos: bolsas y ayudas al estudio*

**5.1.12.**

No concernente aos servizos complementarios, cómpre mencionar que o número de centros públicos con servizo de transporte escolar para o curso 2025-26 ascende a 760 centros e estímase que o número de usuarios deste servizo na rede pública de ensinanza podería ascender a 80.979 (**cadro 5.1.13.**). O número de alumnos e alumnas transportados con ditame de escolarización nos centros privados de educación especial podería ascender a 444.

O número de centros públicos con servizo de comedor escolar para o curso 2025-26 ascende a 648 centros e estímase que o número de usuarios deste servizo na rede pública de ensinanza podería ascender a 87.798, dos cales 26.369 usarían os comedores xestionados polas ANPAS e polos concellos. O número de comensais con ditame de escolarización nos centros privados de educación especial podería ascender a 583.

No que atinxe aos servizos complementarios (ensino obrigatorio), destacan o fondo solidario de libros de texto, as axudas de libros e as axudas para material escolar. No curso 2025-2026 un total de 1.122 centros sostidos con fondos públicos contan con alumnado matriculado nalgun dos niveis obxecto das axudas participan nos tres programas sinalados. En total, 188.852 alumnos e alumnas beneficiáronse deste tipo de axudas.

Tal como se observa no **cadro 5.1.14.**, no curso 2025-26 aumenta o alumnado acollido aos distintos programas de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar.

### Centros públicos con servizos de transporte 2024-26<sup>(1)</sup>

	Transporte ordinario		Transporte compartido	
	Curso 2025-26	Curso 2024-25	Curso 2025-26	Curso 2024-25
<b>Total</b>	<b>760</b>	<b>763</b>	<b>445</b>	<b>446</b>
<b>A Coruña</b>	273	270	114	114
<b>Lugo</b>	118	118	99	99
<b>Ourense</b>	97	100	91	91
<b>Pontevedra</b>	272	275	141	142

(1) Os datos do transporte do curso 2024/25 son provisionais e os do 2025/26 estimacións  
 Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Datos e cifras do ensino non universitario

#### ■ 6.1.13.

### Alumnado beneficiarios dos programas de axudas para adquisición de libros de texto e material 2024-26

	Curso 2025-26	Curso 2024-25
<b>Fondo solidario de libros de texto</b>	75.986	90.279
Educación primaria (3º, 4º, 5º e 6º curso)	41.008	42.577
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	34.978	47.702
<b>Axudas de libros</b>	21.961	27.698
Educación primaria (1º e 2º curso)	20.831	26.339
Educación especial	1.130	1.359
<b>Libro dixital EDIXGAL</b>	62.624	63.490
Educación primaria (5º e 6º curso)	23.678	23.565
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	38.946	39.925
<b>Axudas material</b>	147.737	150.476
Educación primaria	82.547	84.243
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	63.980	64.874
Educación especial	1.210	1.359

(1) Os datos do curso 2024/25 son provisionais e os do 2025/26 estimacións  
 Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Datos e cifras do ensino non universitario

#### ■ 6.1.14.

En concreto, o alumnado beneficiario das axudas para a adquisición de libros foi de 21.961, das que 20.831 persoas cursan estudos primarios, e 1.130 son alumnos de centros de educación especial.

Así mesmo, no último curso aumenta o número de persoas beneficiarias das axudas para adquisición de material escolar, e ao Fondo solidario de libros de texto. En concreto, no curso 2025-2026 beneficiáronse destas axudas un total de 147.737 e 75.986 persoas respectivamente, o que supón unha caída interanual do 1,8% e 15,8%.

#### • Integración das novas tecnoloxías

ABALAR é a estratexia de integración das TIC na práctica educativa en Galicia, como medio para a mellora da calidade do sistema educativo galego, a través da transformación das aulas tradicionais en dixitais e coa implicación de toda a comunidade educativa a través de catro ámbitos:

a mellora da conectividade nos centros públicos, a transformación do libro en papel a contidos dixitais (E.Dixgal), a formación de todos os axentes e o desenvolvemento de ferramentas de comunicación entre os membros da comunidade educativa (espazoAbalar e abalarMobil). A iniciativa ABALAR vense aplicando dende o curso 2014-15.

Por segundo ano consecutivo, no curso 2025-26, descende o número de centros e alumnado participante no proxecto ABALAR-E-Dixgal, participaron neste proxecto un total de 597 centros (615 no ano anterior), dos que 560 son centros públicos (576 no curso anterior) e os restantes 37 son centros privados concertados (39 no curso anterior). En paralelo ao descenso do número de centros integrados no proxecto, o alumnado nas aulas participantes neste proxecto descende ata as 62.624 persoas (64.531 no curso 2024-25) dos que 23.678 están en quinto e sexto de primaria e 38.946 son alumnos e alumnas de 1º a 4º da ESO.

- **Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento e Programas de diversificación curricular**

Determinados alumnos a partir do segundo curso da ESO, previa a súa oportuna avaliación, poderán cursar Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento así como Programas de diversificación curricular, con contidos, actividades prácticas e materias diferentes ás establecidas con carácter xeral, co fin de acadar os obxectivos desta etapa académica cunha metodoloxía específica.

Segundo os datos do Informe 2025 sobre o estado do sistema educativo, publicado polo Consejo Escolar del Estado, no curso 2023-24 (último dato dispoñible) participaron en Galicia un total de 2.317 alumnos e alumnas, dos que 2.294 asisten a centros públicos. Neste último curso, a Comunidade Autónoma acolle o 2,9% do total do alumnado que cursa estes programas en España, oito décimas máis que no curso anterior.

En termos relativos, se se considera a porcentaxe de persoas que cursan estes programas co alumnado matriculado en segundo e terceiro da ESO, un ano máis Galicia sitúase como a Comunidade Autónoma con menor porcentaxe. No último curso esta rateo sitúase en Galicia no 4,9%, sendo máis elevada a proporción nos centros públicos (6,9%). En ambos os dous casos esta porcentaxe é significativamente inferior á media estatal (7,9% e 10%, respectivamente).

- **Participación na aprendizaxe permanente**

Neste apartado presentamos indicadores relativos á formación permanente e á formación continua. Consideramos como medida da formación permanente de adultos a formación realizada nas catro últimas semanas anteriores á entrevista pola poboación de 25 a 64 anos, sendo este un dos indicadores recollidos entre os puntos de referencia xeral da Estratexia 2023 dos sistemas educativos e formativos da UE.

Os datos recollidos nas cifras da educación en España (Edición 2026) reflicten que en 2024, último dispoñible, o 15,6% dos galegos de 25-64 anos cursa estudos de formación permanente, sendo esta porcentaxe do 17,7% no caso das mulleres e do 13,4% no dos homes. España pre-

### Formación permanente e continua en Galicia e España: 2022-23

	Galicia		España	
	2024	2023	2024	2023
<b>Formación permanente</b>	15,6	16,0	16,0	15,8
Homes	13,4	13,6	14,3	13,9
Mulleres	17,7	18,4	17,7	17,7
<b>Actividade formativa en TICs ofrecida por empresas</b>	18,2	19,1	22,3	22,6
Industria	17,3	17,2	19,7	19,4
Construción	17,8	14,9	12,4	15,3
Servizos	18,9	21,7	26,2	26,1

Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, *Las cifras de la educación en España. Edición 2026*

#### ■ 5.1.16.

seta porcentaxes lixeiramente superiores, tanto para o conxunto da poboación (16%) como para os homes (14,3%) aínda que semellantes no caso das mulleres (17,7%).

O último informe PISA 2022 amosa que a diferenza no rendemento entre o alumnado de centros rurais e urbanos dentro da OCDE diminuíu respecto a análises previas. Con todo, o alumnado das zonas rurais en España obtén de media 12,6 puntos menos en matemáticas que o das áreas urbanas, aínda que esta diferenza redúcese considerablemente ao ter en conta o nivel socioeconómico e cultural dos estudantes, o que indica que as desigualdades teñen máis relación co contexto social que coa localización do centro escolar.


En canto ás expectativas educativas, aproximadamente o 33% do alumnado matriculado en centros rurais aspira a acadar unha titulación universitaria, fronte a case o 47% dos estudantes en centros urbanos.

Estas diferenzas subliñan a importancia das políticas educativas centradas na educación rural para cumprir coas metas nacionais e internacionais, especialmente o ODS 4 de Educación de calidade da Axenda 2030. A Lei Orgánica de Modificación da LOE (LOMLOE), no seu artigo 82, contempla medidas específicas para este ámbito.

Segundo se reflicte no Informe 2025 sobre o estado do sistema educativo, ao longo do curso 2023-24 (último dato dispoñible) escolarizáronse en Galicia un total de 2.039 persoas nos 26 centros rurais agrupados (CRA) abertos na Comunidade Autónoma. Neste último ano, Galicia conta con 179 unidades educativas, o que supón unha rateo de 11,4 persoas por cada unidade educativa, cifra superior á rexistrada no conxunto do Estado (10,2). Neste último curso Galicia acolle o 3,6% dos CRA en España situándose esta porcentaxe no 2,9% no caso do alumnado e do 2,6% no das unidades educativas.

No curso 23/24, por segundo ano consecutivo, tal e como se aprecia no cadro 5.1.16., redúcese o alumnado nos CRA galegos. Asemade, cómpre mencionar novamente que as 179 unidades educativas representan o número máis baixo de unidades acadado dende o curso 2010-2011, primeiro do que se ten rexistro.

**Centros Rurais Agrupados (CRA) en Galicia 2010-2024**



Fonte: Consejo Escolar del Estado. Informe 2025 sobre o Estado do Sistema Educativo

■ **5.1.16.**

**Ensinanzas non universitarias de réxime especial**

As ensinanzas de réxime especial abranguen as ensinanzas artísticas (ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, estudos superiores de deseño, estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, ensinanzas de arte dramática, ensinanzas de música e ensinanzas de danza), ensinanzas de idiomas e ensinanzas deportivas.

Segundo se reflicte no **cadro 5.1.17.**, no curso 2025-26 estímase que un total de 38.485 persoas cursan estudos englobados dentro das ensinanzas de réxime especial (1.202 máis que no curso anterior), das que 26.604 realizan estudos nas escolas oficiais de idiomas (o 69,1% do total), 10.431 alumnos de estudos artísticos (27,1%) e 1.450 cursan ensinanzas deportivas (3,8%). No último curso increméntase o número de alumnos nas tres ramas de ensinanzas do réxime especial.

As escolas oficiais de idiomas son as que acollen o maior número de alumnos dentro das ensinanzas de réxime especial, e o estudo do inglés segue sendo o que rexistra unha maior de-



### Alumnado nos centros de ensino de réxime especial 2024-26 <sup>(1)</sup>

	2025-26		2024-25	
		(%)		(%)
<b>Ensinanzas artísticas</b>	10.431	27,1	10.056	27,0
Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño	676	1,8	666	1,8
Ensinanzas artísticas superiores de deseño	1.069	2,8	902	2,4
Estudios superiores de conservación e restauración de bens culturais	88	0,2	86	0,2
Ensinanzas de arte dramática	167	0,4	168	0,5
Ensinanzas regradas de música	8.043	20,9	7.874	21,1
Ensinanzas regradas de danza	388	1,0	360	1,0
<b>Ensinanzas de idiomas</b>	26.604	69,1	25.931	69,6
<b>Ensinanzas deportivas</b>	1.450	3,8	1.296	3,5
Grado medio	1.305	3,4	1.172	3,1
Grado superior	145	0,4	124	0,3
<b>Total</b>	<b>38.485</b>	<b>100</b>	<b>37.283</b>	<b>100</b>

(1) Os datos do transporte do curso 2024/25 son provisionais e os do 2025/26 estimacións

Fonte: Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, *Datos e cifras do ensino non universitario*

#### ■ 5.1.17.

manda, con 16.384 alumnos e alumnas no curso 2025-26, seguido polo francés, con 2.902, e o italiano, con 1.691 persoas.

No caso das ensinanzas artísticas, destacan as ensinanzas regradas de música, con 8.043 alumnos, dos que 6.298 están matriculados en conservatorios, isto é en centros de titularidade pública, e 1.109 en centros autorizados de música, centros de titularidade privada.

### Enseno universitario

No curso 2024-2025, o número de alumnos e alumnas matriculados no sistema universitario galego mantívose estable, segundo os datos publicados polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades. En total, rexistráronse 55.629 persoas matriculadas, o que supón unha caída do 0,1% respecto ao curso anterior, é dicir, 79 estudantes menos. Esta caída nas matriculacións rexístrase nos estudos de máster fronte ao aumento no número de persoas matriculadas en estudos de grao.

A Universidade de Santiago de Compostela segue a ser a que ten un maior número de alumnos, con 22.847 persoas, o 41,1% dos universitarios galegos, seguida pola de Vigo, 17.653 alumnos (31,7%) e a da Coruña, con 15.129 alumnos (27,2% do total). O 42,2% dos estudantes matriculados en graos nas universidades galegas seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas, seguíndolle en importancia as enxeñarías e arquitectura, que acollen o 22,1% do alumnado, e as ciencias da saúde, cun 18,1% (**cadro 5.1.18.**).

No que respecta á distribución por xénero do alumnado matriculado, os datos provisionais para o curso 2024-2025 mostran como o 56,5% do total de matriculados en graos e o 54,3% en másteres son mulleres. A porcentaxe máis elevada de mulleres rexístrase nas ramas de ciencias da

**Alumnado matriculado nas universidades <sup>(1)</sup> no curso 2024-25 <sup>(2)</sup>: distribución segundo ramas de ensino**

**Grao**

	Total		UDC	USC	UVIGO
	alumnos	(%)	(%)	(%)	(%)
<b>Total</b>	<b>50.296</b>	<b>100</b>	<b>27,7</b>	<b>40,5</b>	<b>31,9</b>
Artes e humanidades	4.373	8,7	12,4	54,6	33,0
Ciencias	4.469	8,9	18,6	55,0	26,4
Ciencias da saúde	9.087	18,1	16,8	70,3	12,9
Ciencias sociais e xurídicas	21.243	42,2	30,1	35,3	34,6
Enxeñaría e arquitectura	11.124	22,1	41,6	14,6	43,8

**Máster**

	Total		UDC	USC	UVIGO
	alumnos	(%)	(%)	(%)	(%)
<b>Total</b>	<b>5.333</b>	<b>100</b>	<b>22,8</b>	<b>46,7</b>	<b>30,5</b>
Artes e humanidades	787	14,8	13,6	59,1	27,3
Ciencias	1.096	20,6	12,4	40,2	47,4
Ciencias da saúde	1.078	20,2	22,5	73,7	3,8
Ciencias sociais e xurídicas	1.524	28,6	25,1	38,3	36,6
Enxeñaría e arquitectura	848	15,9	40,8	24,4	34,8

(1) Inclúe só alumnos das universidades públicas

(2) datos provisionais

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

**5.1.18.**

**Número de estudantes matriculados por sexo e ramas de ensino <sup>(1)</sup>**

**Grao**

	2024-2025 <sup>(2)</sup>			2023-2024		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>50.527</b>	<b>21.981</b>	<b>28.546</b>	<b>50.204</b>	<b>21.696</b>	<b>28.508</b>
Ciencias Sociais e Xurídicas	21.353	8.313	13.040	21.515	8.351	13.164
Enxeñaría e Arquitectura	11.177	8.026	3.151	10.751	7.761	2.990
Artes e Humanidades	4.373	1.346	3.027	4.484	1.412	3.072
Ciencias da Saúde	9.155	2.234	6.921	8.990	2.145	6.845
Ciencias	4.469	2.062	2.407	4.464	2.027	2.437

**Máster**

	2024-2025 <sup>(2)</sup>			2023-2024		
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres
<b>Total</b>	<b>6.775</b>	<b>3.093</b>	<b>3.682</b>	<b>6.733</b>	<b>3.030</b>	<b>3.703</b>
Ciencias Sociais e Xurídicas	3.053	1.113	1.940	3.059	1.098	1.961
Enxeñaría e Arquitectura	1.929	1.327	602	1.897	1.311	586
Artes e Humanidades	593	189	404	582	171	411
Ciencias da Saúde	468	125	343	498	128	370
Ciencias	732	339	393	697	322	375

(1) Inclúe o total de alumnos de universidades públicas, privadas, presenciais e non presenciais


(2) Os datos do curso 2024-25 son provisionais

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades


**5.1.19.**

### Alumnado matriculado en 1º e 2º ciclo e grao no Sistema Universitario Galego 2007-08 e 2024-25. Distribución porcentual segundo ramas de ensino

Curso 2007-08



Curso 2024-25 (1) (2)



(1) Os datos do curso 2024-25 son provisionais e corresponden a universidades públicas

(2) Dende o curso 2018-19 desaparecen o 1º e 2º ciclo

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

#### 5.1.20.

saúde, cun 75,6% de mulleres nos graos e o 73,3% nos másteres, por diante das artes e humanidades, onde en torno ao 70% dos matriculados, tanto en graos coma másteres, son mulleres. No extremo oposto sitúanse as carreiras de enxeñaría e arquitectura, onde a presenza feminina cae ata o 28,2% no caso dos graos e o 31,2% nos másteres.

Atendendo á desagregación do alumnado segundo a súa nacionalidade, o **cadro 5.1.21.** amosa que no curso 2024-25 están matriculados no conxunto das universidades galegas un total de 2.733 alumnos e alumnas de nacionalidade estranxeira, un 11,4% máis que no curso anterior (280 alumnos e alumnas máis). Segundo os datos do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, o 47,4% do alumnado estranxeiro procede dos países de América Latina e Caribe (1.294 alumnos), superando novamente aos estudantes de nacionalidade comunitaria, que representan o 17,2% (470 persoas).

**Alumnado estranxeiro matriculado nas universidades no curso  
2024-25 <sup>(1)</sup>**

	Total	UDC	USC	UVigo
<b>Graos</b>	<b>1.578</b>	<b>389</b>	<b>643</b>	<b>546</b>
Unión Europea	393	55	240	98
Resto de Europa	58	8	29	21
EE.UU e Canadá	4	1	-	3
América Latina e Caribe	704	222	211	271
Norte de África	250	55	98	97
Resto de África	34	9	5	20
Asia e Oceanía	135	39	60	36
<b>Másteres</b>	<b>1.155</b>	<b>433</b>	<b>436</b>	<b>286</b>
Unión Europea	77	27	22	28
Resto de Europa	33	14	10	9
EE.UU e Canadá	5	2	1	2
América Latina e Caribe	590	255	200	135
Norte de África	254	75	79	100
Resto de África	33	13	16	4
Asia e Oceanía	163	47	108	8

(1) Os datos son provisionais

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades


■ **5.1.21.**

A Universidade de Santiago de Compostela é a que acolle ao maior número de alumnos estranxeiros, co 39,5% do alumnado estranxeiro matriculado no sistema universitario galego (1.079 alumnos e alumnas), seguida polo 30,4% da UVigo (832 persoas) e o 30,1% da UDC (822 estudantes). A USC é a que rexistra o maior peso relativo do alumnado estranxeiro no caso dos estudos de grao (40,7%) e a USC e a UDC salientan no caso dos másteres ao acoller ao 37,7% e 37,5% do total do alumnado estranxeiro respectivamente.

Os datos provisionais para o curso 2024-25, mostran que en todas as universidades galegas se rexistra un aumento no alumnado estranxeiro matriculado tanto en grao como en másteres. No que respecta aos graos, o incremento máis acusado tanto en termos absolutos como relativos rexístrase na UVigo, con 129 matrículas máis, seguida da USC con 64 máis e a UDC con 11 máis. No que respecta aos másteres, a USC con 54 matrículas máis é a que rexistra o maior incremento en relación ao curso anterior, seguida da UVigo, 21 máis, e a UDC con só unha persoa estranxeira matriculada en másteres máis en relación ao curso anterior.

No que respecta ao persoal docente e investigador nas universidades galegas, o **cadro 5.1.22.** reflicte un leve aumento no curso 2023-2024 (último dispoñible) ata as 5.432 persoas, 40 máis que no curso anterior. Este aumento é consecuencia fundamentalmente do incremento do número de docentes con contratos de duración indefinida (83 máis que no curso anterior), que compensan as caídas no número de contratos de duración determinada (42 menos); en menor medida tamén se rexistra un incremento no número de docentes funcionarios que ascenden a 2.645 no curso 2023/24, seis máis que no curso anterior.

## Personal docente e investigador nas universidades 2022-24



Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

### 5.1.22.

O número de persoas egresadas no curso 2023-24 ascendeu en Galicia a 12.271 persoas segundo os datos publicados polo Ministerio en Educabase, o que representa o 3,2% do total estatal. Neste último curso as mulleres egresadas supoñen o 60,4% do total galego, porcentaxe superior á media estatal (59,5%).

Finalmente, atendendo á desagregación segundo nivel de estudo, o número de egresados e egresadas de grao ascende en Galicia ata as 8.200 persoas, 3.470 son egresados de máster e 601 de doutoramento. As mulleres representan o 61,7% dos egresados de grao, o 58,8% de máster e o 52,7% de doutoramento no curso 2023-2024.

## Indicadores de resultados do sistema educativo

A Unión Europea definiu para a década 2021-2030 unha folla de ruta en materia educativa destinada a impulsar sistemas de ensino máis eficaces, inclusivos e equitativos. Para acadar este propósito, establecéronse unha serie de indicadores e metas que permiten avaliar os avances dos Estados membros en diferentes ámbitos da educación e da formación.

Un dos principais desafíos identificados é a mellora das competencias básicas do alumnado. Neste sentido, preténdese que a proporción de estudantes de 15 anos con dificultades en lectura, matemáticas ou ciencias se manteña por debaixo do 15%. De igual modo, fíxase o mesmo límite para os resultados insuficientes en competencias dixitais entre o alumnado de oitavo curso.

**Egresados nas universidades de Galicia e España: curso 2023-24**

	Galicia			España		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
<b>Grao</b>	8.200	3.143	5.057	204.800	80.510	124.290
<b>Máster</b>	3.470	1.429	2.041	160.123	66.016	94.107
<b>Doutorado</b>	601	284	317	12.391	6.178	6.213

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades

■ **5.1.23.**

**Nivel de formación da poboación: 2024-25 <sup>(1)</sup>**

		Galicia	España
		( $\%$ )	
<b>Inferior a 2ª etapa E.Secundaria</b>	<b>2024</b>	34,4	35,1
	<b>2025</b>	32,6	34,6
<b>2ª etapa E.Secundaria</b>	<b>2024</b>	23,5	22,9
	<b>2025</b>	24,0	23,0
<b>E. Superior</b>	<b>2024</b>	42,2	42,0
	<b>2025</b>	43,4	42,4

(1) poboación entre 25 e 64 anos

Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

■ **5.1.24.**

A escolarización nas primeiras idades constitúe tamén unha prioridade estratéxica. Por iso, promóvese unha participación case universal nos servizos de educación e atención á infancia, coa finalidade de que o 96% dos nenos e nenas estean incorporados a estes programas antes de iniciar a educación obrigatoria.

As políticas europeas tamén prestan especial atención ás transicións educativas e á continuidade dos estudos. Así, propónse reducir o abandono educativo temperán ata niveis inferiores ao 9% e, ao mesmo tempo, incrementar a presenza de titulados superiores entre a poboación nova. O obxectivo marcado establece que, en 2030, polo menos o 45% das persoas de entre 25 e 34 anos contén cunha titulación de educación superior.

Ademais, algunhas metas teñen un horizonte temporal máis próximo. Para o ano 2025, espérase que unha parte significativa do alumnado de Formación Profesional completase períodos de aprendizaxe vinculados ao ámbito laboral, alcanzando unha participación mínima do 60%. Xunto a isto, foméntase a formación permanente da cidadanía, coa previsión de que o 47% das persoas adultas entre 25 e 64 anos participen en actividades de aprendizaxe ao longo dun ano.

No caso de Galicia, o seguimento destes compromisos realizarase mediante o estudo de dis-

tintos indicadores educativos. Entre eles inclúense tanto os referidos ao nivel de formación da poboación e ás taxas de abandono escolar como aqueles que permiten analizar a traxectoria académica do alumnado, desde o acceso ao sistema educativo ata a conclusión das diferentes etapas de ensino.

En relación ao nivel educativo da poboación, segundo as estimacións publicadas polo Ministerio de Educación e Formación Profesional a partir dos datos da Enquisa de Poboación Activa (**cadro 5.1.24.**), a porcentaxe de persoas entre 25 e 64 anos que teñen unha formación inferior á 2ª etapa de educación secundaria (ESO) descende en 2025 en Galicia ata o 32,6% fronte ao 34,4% do curso anterior. Esta porcentaxe é dous puntos porcentuais inferior á media española (34,6%) e superior á media da Unión Europea-27, que se sitúa no 18,8%. A porcentaxe da poboación con estudos superiores aumenta situándose en Galicia no 43,4%, porcentaxe superior á media española, e á media europea (36,9%), situándose no 24% a poboación galega e no 23% a española coa segunda etapa de educación secundaria completada (44,3% na UE-27).

O **cadro 5.1.25.** mostra as taxas de actividade e desemprego segundo nivel formativo. Os datos da EPA reflicten que a maior nivel formativo maior taxa de actividade e menor taxa de desemprego. Por unha banda, mentres que a taxa de actividade para as persoas con estudos primarios terminados se sitúa en Galicia no 11,4%, entre as que teñen educación superior esta porcentaxe ascende ata o 77,5%, así mesmo a taxa de desemprego para os devanditos niveis formativos no ano 2025 é do 19,5% e 5,9%, respectivamente.

No marco do plan estratéxico europeo en educación e formación (2021-2030), o abandono educativo temperán constitúe un indicador clave para a avaliación do sistema educativo. Este indicador refírese á proporción de mozos e mozas de entre 18 e 24 anos que non completaron a segunda etapa da educación secundaria e que tampouco participan en ningún programa de formación.

No ano 2025, a taxa de abandono temperán da educación en Galicia ascendeu ao 10,4%, fronte ao 10,8% rexistrado no exercicio anterior. Este descenso representa un retorno á tendencia descendente mantida de forma case continua desde o ano 2012, cun repunte nos anos 2022 e 2024. A taxa de abandono temperá en Galicia segue sendo 2,4 puntos porcentuais inferior á media estatal (12,8%). No conxunto da UE-27 este indicador sitúase no 9,1%, tres décimas menos que no ano anterior.

O lento descenso na porcentaxe de abandono escolar sitúa a Galicia lonxe do obxectivo de acadar unha porcentaxe inferior ao 9% no ano 2030. Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a sexta Comunidade Autónoma, xunto con Castela-León, con menor abandono educativo temperá, por detrás de País Vasco, Cantabria, Navarra, Madrid e Castela e León.

A desagregación por sexos mostra que a taxa de abandono é moi superior no caso dos homes que no das mulleres, diminuindo o diferencial existente entre os dous sexos no último ano. Neste senso, a taxa de abandono educativo temperá no caso dos homes é do 13,5% no ano 2025 en tanto que a das mulleres acada o 7,2%; en relación ao ano anterior, a taxa de abandono temperá das mulleres aumenta en sete décimas porcentuais, diminuindo por contra a taxa masculina en 1,5 puntos porcentuais.

**Taxas de actividade e desemprego 2025. Distribución segundo nivel de formación.**

**Taxas de actividade**

	Galicia			España		
	Total	Homes (%)	Mulleres	Total	Homes (%)	Mulleres
<b>Total</b>	<b>53,5</b>	<b>56,6</b>	<b>50,7</b>	<b>59,0</b>	<b>63,8</b>	<b>54,4</b>
Analfabetos	4,6	12,1	0,0	17,6	30,3	10,4
Estudios primarios incompletos	6,3	13,8	2,2	14,3	23,0	8,5
Educación primaria	11,4	16,0	8,2	22,2	30,6	15,3
Primeira etapa de educación secundaria e semellante	45,3	50,3	39,5	54,6	62,3	45,8
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral	53,8	56,2	51,6	55,5	58,9	52,2
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inc. postsecundaria non superior)	74,8	76,9	72,3	72,0	76,8	67,1
Educación superior	77,5	76,1	78,6	78,3	78,3	78,4

**Taxas de desemprego**

	Galicia			España		
	Total	Homes (%)	Mulleres	Total	Homes (%)	Mulleres
<b>Total</b>	<b>8,3</b>	<b>8,0</b>	<b>8,7</b>	<b>10,5</b>	<b>9,3</b>	<b>11,9</b>
Analfabetos	0,0	0,0	#¡DIV/0!	26,6	18,0	41,0
Estudios primarios incompletos	23,2	30,2	7,7	23,5	22,3	25,7
Educación primaria	19,5	18,1	22,2	20,2	16,7	25,7
Primeira etapa de educación secundaria e semellante	10,6	9,8	11,6	14,6	12,1	18,5
Segunda etapa de educación secundaria, con orientación xeral	9,7	9,9	9,4	11,7	10,2	13,3
Segunda etapa de educación secundaria con orientación profesional (inc. postsecundaria non superior)	8,9	8,0	10,1	11,3	9,7	13,3
Educación superior	5,9	4,9	6,6	6,4	5,4	7,2

Fonte: INE, Encuesta de Población Activa


**5.1.25.**

Outro dos indicadores do marco estratéxico en educación e formación 2021-2030 é a porcentaxe de poboación de 25 a 34 anos que ten terminado algunha forma de estudos superiores. Para o conxunto da Unión Europea o obxectivo proposto é de acadar no ano 2030 ao menos o 45% da poboación entre 25 e 34 anos.

No ano 2025, o 53,3% da poboación galega con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos posuía estudos superiores, porcentaxe que se mantén levemente por riba da media española (52,5%) así como da media da UE-27 (44,8%). As mulleres presentan unha porcentaxe superior á dos homes, situándose en Galicia no 63,3% nas mulleres e no 43,5% nos homes, o que supón un diferencial de 19,8 puntos a favor das mulleres (12,1 puntos en España e 11,3 puntos na UE-27).

No ano 2024, Galicia é a sétima C.A. con maior proporción de poboación de 25 a 34 anos con educación superior, tras o País Vasco (68.6%), Navarra (60,2%), Cantabria (59,8%), Cataluña (57,5%), Madrid (57,3%), e Asturias (55%). En todas as CC.AA. a porcentaxe de mulleres con estudos superiores é máis elevada que no caso dos homes, sendo Galicia a C.A. cun maior di-

## Abandono educativo temperá e poboación con estudos universitarios nas CC.AA. 2012-25




Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes

### ■ 5.1.26.

ferencial (19,8 puntos de diferencia), seguida por A Rioja cun diferencial de 19,6 puntos porcentuais, situándose Madrid co diferencial máis reducido (2,6 puntos porcentuais).

Para coñecer a evolución e as características da escolarización, analízanse unha serie de indicadores educativos relevantes. Estes inclúen a participación do alumnado nas distintas etapas do sistema educativo, a adecuación da súa traxectoria académica á idade correspondente, a incidencia da repetición de curso e a continuidade cara aos estudos postobrigatorios. Complementariamente, no ámbito universitario abórdanse indicadores relativos á demanda das titulacións e á evolución do alumnado, prestando especial atención ao rendemento académico, ao abandono dos estudos e á mobilidade entre titulacións.

Abandono educativo temperá en Galicia 2008-2025<sup>(1)</sup>



(1) poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de ensino secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación  
 Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.27.

Taxas netas de escolarización aos 3, 16 e 17 anos. Cursos 2020-21 a 2023-24

	Curso 2023-24		Curso 2022-23		Curso 2021-22		Curso 2020-21	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
Taxa de escolarización aos 3 anos	97,8	96,7	97,1	96,6	96,8	95,4	95,1	94,2
Taxa de escolarización aos 16 anos	96,8	95,1	96,8	95,4	98,1	95,0	99,4	95,9
Taxa de escolarización aos 17 anos								
Educación obrigatoria (1)	5,8	6,2	5,7	6,3	6,2	6,2	6,5	6,4
Educación secundaria postobrigatoria (2)	87,2	83,3	87,5	83,5	88,3	83,2	88,8	83,2
Educación de adultos (3)	0,7	0,7	0,6	0,6	0,6	0,5	0,6	0,6

(1) Inclúe Educación Secundaria Obrigatoria e Educación Espacial

(2) Inclúese Bacharelato, Ciclos formativos de Formación profesional Básica, Programas de Cualificación Profesional inicial, Ciclos formativos de grado medio de FP e de artes plásticas e deseño, Ensinanzas deportivas de grado medio, Ensinanzas profesionais de música e danza, e Ensinanzas de nivel avanzado de idiomas.

(3) Inclúe educación para adultos básica e secundaria

Fonte: Consejo Escolar del Estado.

5.1.28.

### Taxas de idoneidade en Galicia e España no curso 2023-24 <sup>(1)</sup>

	8 anos	10 anos	12 anos	14 anos	15 anos
	(%)				
<b>Galicia</b>	<b>95,6</b>	<b>92,8</b>	<b>90,8</b>	<b>79,3</b>	<b>77,5</b>
<b>Homes</b>	95,0	91,7	89,4	76,1	74,4
<b>Mulleres</b>	96,2	94,0	92,3	82,7	80,8
<b>España</b>	<b>95,2</b>	<b>92,3</b>	<b>89,6</b>	<b>78,8</b>	<b>75,7</b>
<b>Homes</b>	94,7	91,5	88,3	75,6	72,6
<b>Mulleres</b>	95,7	93,2	90,9	82,2	79,0

(1) porcentaxe de alumnos matriculados no curso que lle corresponde pola súa idade

Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, *Las cifras de la educación en España*

#### ■ 5.1.29.

Por taxa neta de escolarización enténdese a relación porcentual entre o alumnado dunha idade determinada e a poboación total nesa mesma idade. Segundo o informe 2025 do Consello Escolar do Estado con datos para o curso 2023-2024 (**cadro 5.1.28.**), Galicia presenta taxas netas de escolarización superiores á media estatal para os 3 e 16 anos, así como para os 17 anos no caso da educación secundaria postobligatoria. Neste senso, todas as CCAA presentan unha escolarización superior ao 90% da poboación de tres anos (97,8% en Galicia). Aos 16 anos, a taxa neta é do 96,8% en Galicia e todas as CCAA superan amplamente o 90%. A taxa de escolarización aos 17 anos, que constitúe un bo indicador inverso do abandono educativo temperá xunto á taxa de idoneidade á mesma idade, ascende en Galicia no último curso ata o 87,2%, o que a sitúa como a terceira CA co valor máis elevado tras Cantabria e Castela e León.

Outro indicador é a taxa de idoneidade, considerada como a porcentaxe de alumnos que cursarían a etapa educativa coa idade teórica correspondente. O **cadro 5.1.29.** amosa que no curso 2023-24, último dato dispoñible, as taxas de idoneidade entre os oito e quince anos van descendendo dende o 95,6% aos oito anos ata o 77,5% aos quince, o que indica que en torno a dous de cada dez alumnos galegos de quince anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade.

Atendendo á distribución segundo sexos, tanto en Galicia como en España as taxas de idoneidade son sempre superiores no caso das mulleres que no dos homes. As taxas de idoneidade tanto feminina como masculina en Galicia sitúase por riba da media estatal nos diferentes grupos de idade.

En paralelo á taxa de idoneidade, a taxa de repetición defínese como a porcentaxe do alumnado que non promociona dun curso ao seguinte e reflicte o tránsito dos estudantes pola súa escolarización. O peso relativo do estudante repetidor respecto ao alumnado matriculado en educación primaria aumenta no curso 2023-24 en Galicia ata o 1,2%, porcentaxe que é dúas décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado. Comparado co resto das CC.AA. tres Comunidades presentan unha porcentaxe de alumnado repetidor en primaria inferior á galega: Cataluña (0,3%) Baleares (0,8%) e Asturias (0,8%).

**Porcentaxe de alumnado repetidor con respecto ao alumnado matriculado en cada curso. Cursos 2019-20 a 2023-24**

	Curso 2023-24		Curso 2022-23		Curso 2021-22		Curso 2020-21		Curso 2019-20	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
(%)										
<b>Educación primaria</b>										
Algún curso de Primaria	1,2	1,4	0,7	1,1	1,9	2,2	0,7	1,2	1,9	2,3
Primeiro de Primaria	3,3	3,5	1,8	2,3	2,1	2,6	1,1	1,6	2,4	2,9
Terceiro de Primaria	2,0	2,1	1,1	1,7	1,9	2,0	0,5	1,0	1,8	2,2
Sexto de Primaria	1,7	1,9	1,1	1,7	1,9	2,0	0,8	1,5		
<b>Educación secundaria obrigatoria</b>										
Algún curso da ESO	7,7	6,7	6,4	6,9	7,7	7,5	2,5	4,1	8,6	8,4
Primeiro da ESO	9,2	7,8	7,1	7,3	7,3	7,3	3,2	5,0	9,3	8,8
Segundo da ESO	7,4	6,4	6,0	6,9	8,4	8,3	2,5	4,4	8,1	8,5
Terceiro da ESO	7,4	6,5	6,8	7,0	8,5	7,9	2,3	3,8	9,4	8,6
Cuarto da ESO	6,5	6,0	5,6	6,5	6,7	6,5	1,8	3,1	7,5	7,3
<b>Bacharelato</b>										
Algún curso de Bacharelato	3,3	4,8	4,5	5,9	5,2	6,9	1,2	3,2	6,2	7,8
Primeiro de Bacharelato	3,4	3,8	2,6	4,8	3,5	5,0	0,9	2,4	4,5	5,6
Segundo de Bacharelato	3,3	5,8	6,4	7,2	7,0	8,9	1,5	4,1	8,1	10,3

Fonte: Consejo Escolar del Estado. Informe 2024

**5.1.30.**

O **cadro 5.1.30.** mostra as taxas de repetición con respecto ao alumnado matriculado en cada curso. A taxas máis elevadas prodúcense na ESO, onde o 7,7% do alumnado repite algún curso (6,4% no curso anterior), un punto porcentual máis que no conxunto do Estado, o que a coloca no posto decimo terceiro respecto ao resto das CC.AA. No concernente ao bacharelato, a taxa de repetición ascende ata o 3,3% (4,5% no curso 2022-23) fronte ao 4,8% en España, sendo a segunda CA coa taxa máis reducida por detrás do País Vasco (2,8%).

As taxas de repetición máis elevadas rexístranse en primeiro segundo e terceiro da ESO, cunha porcentaxe de alumnado repetidor en Galicia do 9,2% e 7,4% e 7,4%, respectivamente. Como amosa o devandito **cadro 5.1.30.**, no conxunto de España as taxas de repetición son máis elevadas que en Galicia en primaria e en bacharelato, e inferiores en secundaria.

O acceso ás ensinanzas postobrigatorias prodúcese teoricamente aos 16 anos, idade na que o alumnado pode incorporarse ao bacharelato ou ás ensinanzas profesionais de grao medio. Para avaliar a continuidade dos estudos tras a educación obrigatoria, analízanse as taxas netas de escolarización da poboación de 16 e 17 anos en función do nivel de ensinanza no que está matriculada. No curso 2023-24, último dispoñible, Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma coa taxa neta de escolarización en educación postobrigatoria aos 17 anos máis elevada, cun 87,2%, tan só por detrás de Cantabria e Castela e León.

En relación cos indicadores asociados aos resultados académicos nos distintos niveis ou etapas educativas, estes calcúlanse a partir da taxa bruta de graduación. Esta taxa defínese como a relación entre o número de estudantes que completan un determinado nivel educativo, con independencia da súa idade, e a poboación correspondente á idade teórica de inicio do último curso dese nivel.

### Taxa bruta de poboación que se gradúa 2023-24. Distribución segundo ensinanza/titulación

	Galicia			España		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
ESO	83,3	79,0	88,0	82,1	78,1	86,3
ESO persoas adultas	5,8	5,9	5,7	6,6	5,8	7,5
Bacharelato	62,1	55,6	69,1	54,9	48,0	62,2
Profesional básico	6,5	9,0	3,9	4,5	6,1	2,9
Técnico (1)	29,7	30,9	28,3	28,2	28,2	28,2
Técnico superior (2)	39,2	39,6	38,8	36,8	34,6	39,3
Grao	35,6	26,7	44,8	39,8	30,3	50,0
Máster oficial	14,9	11,9	18,0	31,0	24,8	37,5

(1) Considérase o alumnado graduado en Ciclos Formativos de Grao Medio de FP e de Artes Plásticas e Deseño e EE. Deportivas de Grao Medio.

(2) Considérase o alumnado graduado en Ciclos Formativos de Grao Superior de FP e de Artes Plásticas e Deseño e EE. Deportivas de Grao Superior.

Fonte: Ministerio de Educación, Formación Profesional y Deportes, *Las cifras de la educación en España*

#### ■ 5.1.31.

O **cadro 5.1.31.** mostra as taxas brutas de poboación que se gradúa, que, para o curso 2023-24, mostran datos para Galicia superiores á media española en todos os niveis educativos agás na ESO para persoas adultas, nos de grao e másteres oficiais. A distribución destas taxas por xénero mostra para Galicia que as taxas brutas de poboación que se gradúa é superior no caso das mulleres, agás en Profesional básico, Técnico medio, Técnico superior, e ESO persoas adultas.

Finalmente, dentro dos indicadores universitarios, o **cadro 5.1.32.** mostra a taxa de rendemento, abandono, cambio e idoneidade a nivel universitario. Segundo reflicte o Ministerio de ciencia, innovación e universidades a taxa de rendemento do alumnado matriculado no sistema universitario galego en estudos de grao, que mide a relación entre os créditos superados e os créditos matriculados, sitúase no curso 2023-24 (último dato dispoñible) no 78,2%, a sétima porcentaxe máis baixa de todas as CC.AA. (80,4% en España) tras Andalucía, Baleares, Asturias, Baleares, A Rioxa e Canarias. As mulleres presentan valores superiores aos homes en todas as Comunidades Autónomas, situándose en Galicia en 82,6% e 72,32%, respectivamente. No conxunto do Estado a taxa de rendemento entre as mulleres ascende a 84,1%, fronte aos 75,5% no dos homes.

A taxa parcial de abandono do alumnado de grao no primeiro ano de estudio (porcentaxe de estudantes que accedeu a unha determinada titulación e que a abandona no primeiro ano) foi no devandito curso de 19,2% para a cohorte de estudantes do 2020-22 (17,6% para o conxunto das universidades públicas españolas). No caso das mulleres, esta porcentaxe é do 16,4% (15,2% en España), situándose no 23% no dos homes (20,6% de media estatal).

A taxa de cambio no primeiro ano de estudio aumenta levemente no último ano en Galicia, situándose no 9,2%, porcentaxe similar á media das universidades públicas españolas (9,1%). Entre as alumnas galegas a taxa de cambio é do 8,5%, e no caso dos homes, do 10,1% (8,6% e 9,7% en España, respectivamente).

Indicadores universitarios en Galicia e España 2023/24 <sup>(1)</sup>

Estudios de grado

	Galicia			España		
	Total	Homes (%)	Mulleres	Total	Homes (%)	Mulleres
Taxa de rendemento	78,2	72,3	82,6	80,4	75,5	84,1
Taxa parcial de abandono 1º ano (cohorte entrada 2021-22)	19,2	23,0	16,4	17,6	20,6	15,2
Taxa parcial de cambio 1º ano (cohorte entrada 2021-22)	9,2	10,1	8,5	9,1	9,7	8,6
Taxa de idoneidade (cohorte entrada 2020-21)	40,7	28,0	50,7	38,7	28,5	46,8

Estudios de máster

	Galicia			España		
	Total	Homes (%)	Mulleres	Total	Homes (%)	Mulleres
Taxa de rendemento	85,8	83,7	87,5	88,2	86,1	90,0
Taxa parcial de abandono 1º ano (cohorte entrada 2021-22)	9,7	11,7	8,2	9,1	10,8	7,7
Taxa parcial de cambio 1º ano (cohorte entrada 2021-22)	1,6	2,2	1,2	1,3	1,7	1,0
Taxa de idoneidade (cohorte entrada 2023-24)	68,0	65,4	69,6	72,3	70,0	74,0

(1) Total Universidades públicas presenciais

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, *Estadísticas e Informes Universitarios*

■ 5.1.32.

A taxa de idoneidade dos estudantes de grao, entendida como a porcentaxe de estudantes que finalizan o grao no tempo previsto, é no curso 2020-21, último dispoñible, do 40,7%, porcentaxe superior á media estatal (38,7%).

Finalmente, destacar que a taxa de idoneidade para os estudantes de máster que se matricularon no curso 2023-24 foi en Galicia do 68%, 4,3 puntos por debaixo da media estatal (72,3%). □

## 5.2.

# Investigación e tecnoloxía


**Ao longo deste capítulo analízanse os principais indicadores relacionados** coa investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) en Galicia, así como a eficiencia e o impacto do investimento público e privado neste ámbito. A información presentada permite avaliar tanto o esforzo realizado como os resultados acadados, situando á Comunidade Autónoma en relación ao conxunto do Estado.

Neste contexto, examínase en primeiro lugar o valor do Indicador Sintético Global da Nova Economía (ISNE), que ofrece unha visión agregada do grao de implantación da nova economía en Galicia, considerando dimensións como a innovación empresarial, a dixitalización dos fogares e a modernización das administracións públicas. A continuación, analízanse indicadores clave como o gasto interno en I+D, a súa distribución por sectores executores e o seu peso sobre o PIB, así como o número de persoas dedicadas á I+D en equivalencia a xornada completa, con especial atención ao sector empresarial e ao ensino superior.

Complementariamente, revísase o grao de internacionalización das empresas de alta tecnoloxía, como indicador relevante da competitividade exterior da economía galega, e os rexistros de propiedade industrial, que permiten medir o aproveitamento e transferencia do coñecemento xerado.

Tamén se recollen os principais datos sobre o orzamento destinado á I+D+i e á sociedade da información, así como o peso do alumnado nas titulacións técnicas e científicas, aspectos que condicionan a evolución futura deste ecosistema.

Indicador sintético global da Nova Economía 2025. Comparativa de CC.AA. España=100



Fonte: CEPREDE, Penetración regional de la nueva economía


### 5.2.1.

## Indicadores de I+D+i


No marco dos indicadores vinculados á I+D+i, cómpre destacar o Indicador Sintético Global da Nova Economía (ISNE), desenvolvido polo Centro de Predición Económica (Ceprede) da Universidade Autónoma de Madrid. Trátase dun instrumento de referencia que agrega un conxunto de indicadores representativos do avance da innovación tecnolóxica e da consolidación da nova economía no ámbito empresarial, nos fogares e nas administracións públicas. O **cadro 5.2.1.** reflicte que no ano 2025 Galicia ocupa unha posición relativa intermedia en comparación co resto das Comunidades Autónomas, acadando un valor de 90 (media estatal igual a 100), o que a sitúa como a sétima Comunidade con maior valor do ISNE. O cuarteto das CC.AA. líderes nesta materia está composto por Madrid, Cataluña, País Vasco e Navarra, todas por encima dos 100 puntos no ISNE. No ano 2008 este indicador presentaba en Galicia un valor de 85, o que a situaba no posto décimo terceiro.

Atendendo á penetración e uso das TIC, os distintos compoñentes do indicador sitúanse por baixo do nivel medio do conxunto do Estado (España = 100). Dunha banda, o indicador sintético de innovación presenta un valor de 87 puntos sobre 100, catro puntos máis que no ano anterior, lonxe do valor experimentado en Madrid (155), País Vasco (142), Navarra (136) ou Cataluña (121). O valor do indicador correspondente ás administracións públicas redúcese no último ano ata os 93 puntos, tres menos que no ano anterior (Cataluña e Madrid presentan os valores máis elevados con 107 e 104 puntos, respectivamente), aumentando por contra o indicador correspondente ás empresas para situarse en 94 puntos sobre cen (86 no ano anterior), presentando as CC.AA. de Madrid (117) e Cataluña (112) os valores máis elevados, e as únicas tres por encima de 100 puntos. Por último, o índice relativo aos fogares aumenta

### Posicionamento de Galicia no ISNE 2008 e 2025




### Posicionamento de Galicia no ISNE 2025. Valores máximos e mínimos



Fonte: CEPREDE, *Penetración regional de la nueva economía*

## 5.2.2.



Fonte: CEPREDE, Penetración regional de la nueva economía

### 5.2.3.

no último ano, acadando un valor de 88 puntos fronte aos 87 do ano anterior (Madrid e Cataluña, con 120 e 112 puntos, respectivamente, son as CC.AA. co indicador máis elevado).

No que respecta ao dinamismo do esforzo innovador recente, medido pola evolución do ISNE, todas as CC.AA. agás Extremadura presentan unha evolución positiva. En Galicia, este crecemento foi do 7,7%, porcentaxe tan só superada por Cantabria, cun 9,7% (en España sitúase no 3,5%). Se se considera o período 2005-25, o incremento foi do 6%, cinco décimas por riba do experimentado no conxunto do Estado, situándose como a sexta Comunidade Autónoma con maior crecemento tras Castela A Mancha, Andalucía, Cantabria, Extremadura e A Rioxa (**cadro 5.2.3.**).

#### • Gasto interno en actividades de investigación e desenvolvemento

Unha das maneiras de valorar o esforzo realizado para incrementar o peso das actividades de I+D no conxunto da economía consiste na medición do investimento destinado a estas actividades, sen distinción da súa orixe, xa sexa pública ou privada, nacional ou estranxeira.

O gasto interno en actividades de investigación e desenvolvemento en Galicia continúa a súa tendencia ascendente en 2024 (último dato dispoñible), rexistrando unha taxa interanual superior á media estatal. Cun incremento do 9,9%, tres puntos porcentuais por riba do crecemento experimentado a nivel nacional, o gasto en I+D acada os 1.058,2 millóns de euros, o que representa o 4,4% do gasto total no Estado. Como se ilustra no **cadro 5.2.4.**, o investimento en actividades de I+D en España está fortemente concentrado nas comunidades de Madrid e Cataluña, que xuntas absorben o 52% do gasto global.

### Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2023-24

	Gastos			Persoal (1)		
	2024 <i>(en miles de euros)</i>	(% / total)	24/23 (%)	2024	(% / total)	24/23 (%)
Andalucía	2.309.973	9,7	1,1	33.133	11,2	2,0
Aragón	569.365	2,4	4,7	8.396	2,8	4,2
Asturias	307.867	1,3	10,4	5.265	1,8	11,7
Baleares	176.351	0,7	-12,3	3.067	1,0	-13,0
Canarias	305.907	1,3	-1,1	4.529	1,5	-2,5
Cantabria	173.413	0,7	7,4	2.658	0,9	5,2
Castela e León	1.022.345	4,3	6,1	12.574	4,3	7,1
Castela-A Mancha	310.989	1,3	-6,6	4.032	1,4	2,2
Cataluña	5.485.123	22,9	2,2	66.003	22,4	9,7
C. Valenciana	1.805.864	7,5	5,4	25.454	8,6	0,6
Extremadura	187.222	0,8	4,4	2.978	1,0	12,2
Galicia	1.058.152	4,4	9,9	13.347	4,5	-3,7
Madrid	6.902.714	28,8	14,3	73.931	25,0	5,8
Murcia	468.492	2,0	9,9	7.927	2,7	7,9
Navarra	623.126	2,6	39,5	6.501	2,2	9,8
País Vasco	2.107.249	8,8	2,2	23.905	8,1	-0,4
A Rioxa	102.670	0,4	5,9	1.407	0,5	-0,5
Ceuta e Melilla	14.061	0,1	-	184	0,1	-27,0
<b>Total</b>	<b>23.930.881</b>	<b>100</b>	<b>6,9</b>	<b>295.290</b>	<b>100</b>	<b>4,6</b>

(1) persoal en equivalencia a xornada completa  
Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

#### ■ 5.2.4.

### Gastos internos totais e persoal en I+D 2023-24

	2024		2023	
	I+D interna <i>(en miles de euros)</i>	Persoal (1) <i>(% G/E)</i>	I+D interna <i>(en miles de euros)</i>	Persoal (1) <i>(% G/E)</i>
Empresas	508.063	3,8	460.586	3,7
Administración Pública	133.890	2,9	127.572	3,2
Ensinanza Superior	413.766	6,9	371.362	6,5
IPSFL	2.433	3,9	3.282	5,3


(1) persoal en equivalencia a xornada completa  
Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

#### ■ 5.2.5.

O incremento de 95,4 millóns de euros do gasto interno en I+D en Galicia ven explicado fundamentalmente pola medra do 10,3% do gasto en I+D por parte da Ensinanza Superior, en torno a 47,5 millóns de euros máis, e do sector empresarial, cun incremento do 11,4% respecto ao ano anterior, o que equivale a 42,4 millóns de euros máis (**cadro 5.2.5.**).

No ano 2024, a taxa de variación interanual do PIB nominal de Galicia situouse no 5,7% (2,8% en termos reais). Como consecuencia do importante incremento do investimento en actividades de I+D, a rateo de gasto en I+D sobre o PIB alcanzou o 1,30%. Tal como se recolle no

**Esfuerzo investigador en I+D en relación ao PIB (1) 2012-24**




(1) porcentaxe de gastos en I+D en relación ao PIB a prezos de mercado;

(2) 2023 datos provisionais e 2024 datos avance

Fonte: INE e EUROSTAT

**5.2.6.**

**Esfuerzo investigador en I+D e PIB per cápita das CC.AA. 2024 (1)**



(1) primeira estimación

Fonte: INE

**5.2.7.**



### Gastos internos totais e persoal en I+D nas CC.AA. 2023-24: importancia relativa

	Gastos totais / PIB (1)		Persoal / 1.000 activos (2)		Gasto / Investigador	
	2024	2023	2024	2023	2024	2023
	(%)				(en euros)	
Andalucía	1,09	1,15	8,0	7,8	115.407	115.277
Aragón	1,15	1,16	12,4	12,1	115.927	110.558
Asturias	1,03	0,98	11,4	10,6	78.173	82.933
Baleares	0,39	0,48	4,6	5,4	87.078	90.540
Canarias	0,53	0,57	3,9	4,0	101.678	101.551
Cantabria	0,98	0,96	9,3	9,1	96.647	94.945
Castela e León	1,38	1,38	11,1	10,5	120.986	122.155
Castela-A Mancha	0,56	0,63	3,9	3,8	148.720	162.175
Cataluña	1,81	1,89	15,7	14,6	141.262	156.287
C. Valenciana	1,22	1,23	9,5	9,6	117.082	110.463
Extremadura	0,70	0,71	6,0	5,3	89.584	100.391
Galicia	1,29	1,24	10,6	11,1	121.125	106.310
Madrid	2,18	2,04	19,6	18,9	147.675	137.233
Murcia	1,10	1,07	10,2	9,6	95.685	91.066
Navarra	2,34	1,79	19,2	17,9	159.274	130.068
País Vasco	2,30	2,38	22,2	22,2	127.811	127.521
A Rioxa	0,92	0,93	8,7	8,7	110.066	103.822
Ceuta e Melilla	0,43	0,34	2,3	3,3	145.108	90.678
<b>Total</b>	<b>1,50</b>	<b>1,49</b>	<b>12,1</b>	<b>10,9</b>	<b>129.790</b>	<b>127.849</b>

(1) PIB a prezos de mercado, prezos correntes

(2) persoal en equivalencia a xornada completa

Fonte: INE, Contabilidad regional de España e Estadísticas de actividades de I+D


#### ■ 5.2.8.

**gráfico 5.2.6.**, Galicia continúa a presentar un esforzo investidor en I+D inferior tanto á media da Unión Europea (2,24%) como á media estatal (1,50%). Comparado co resto das CC.AA. Galicia sitúase como a sexta Comunidade con maior esforzo investidor tras Navarra e País Vasco, únicas CC.AA. con valores superiores á media da Unión Europea, Madrid, Cataluña e Castela e León.

Os datos presentados no **cadro 5.2.7.** permiten observar a relación entre o PIB per cápita e o esforzo investidor en I+D (medido como porcentaxe do PIB dedicado a investigación e desenvolvemento) nas comunidades autónomas de España. A análise revela que comunidades como Madrid, País Vasco, Navarra e Cataluña presentan PIBs per cápita claramente por riba da media estatal e, á vez, un esforzo investidor en I+D moi superior á media. Isto suxire que maiores niveis de riqueza permiten ou están asociados con maiores investimentos en I+D, posiblemente debido á presenza de sectores e actividades intensivas en coñecemento. Por outra banda, comunidades como Castela e León ou Galicia, aínda por debaixo da media estatal en PIB per cápita, mostran un esforzo investidor superior ao que cabería esperar polos seus niveis de renda, o que pode indicar unha aposta estratéxica pola I+D como motor de desenvolvemento.

Tendo en conta o devandito incremento do gasto en actividades de I+D en Galicia (9,9%), e a redución rexistrada no caso das persoas investigadoras en xornada completa (-3,7%), os re-

**Gasto interno por persoal e por investigador equivalente en xornada completa 2008-24**



Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

**5.2.9.**

cursos investidos en I+D por investigador ascenden no último ano na Comunidade Autónoma un 13,9%, aumento significativamente superior ao rexistrado no conxunto de España (1,5%). O **cadro 5.2.8.** amosa que o gasto interno por investigador ascende ata os 121.125 euros en 2024, o que sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con maior investimento, lonxe da media estatal que ascende a 129.790 euros. Tal como se mostra no **gráfico 5.2.9.**, o gasto en I+D por persoal en equivalencia a tempo completo (EJC) en actividades de I+D ascende en 2024 ata os 79.283 euros en Galicia, o que supón o 97,8% do gasto no conxunto de España (81.042 euros), porcentaxe significativamente superior á rexistrada en 2023 (87,7%).

No que respecta ao gasto en I+D segundo sectores de execución en comparación co resto de Comunidades Autónomas (**cadro 5.2.10.**), en Galicia o 51,8% do dito gasto está realizado polo sector público (administración pública e ensino superior), fronte ao 48,2% do sector privado. No conxunto do Estado o investimento privado representa o 56% do gasto total, situándose esta porcentaxe no 75,6% no País Vasco, no 61,5% en Cataluña e en torno ao 60% en Castela e León e Asturias. En termos absolutos o gasto empresarial ascende e Galicia a 508,1 millóns de euros, o que supón o 3,8% do total estatal (o Plan Estratégico de Galicia reflicte que o fito a acadar en 2025 ascende a 4,3% e a meta para 2030 o 4,7%).



### Gasto interno en I+D nas CC.AA. 2024: distribución segundo sector

	Total (1)	Empresas		IPSFL		Administración Pública		Ensinanza superior	
	(en miles de euros)	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)	(en miles de euros)	(% / total)
Andalucía	2.309.973	861.247	37,3	6.508	0,3	429.166	18,6	1.013.052	43,9
Aragón	569.365	321.872	56,5	1.297	0,2	124.854	21,9	121.343	21,3
Asturias	307.867	184.099	59,8	301	0,1	43.150	14,0	80.318	26,1
Baleares	176.351	70.505	40,0	56	0,0	58.955	33,4	46.834	26,6
Canarias	305.907	87.292	28,5	3.069	1,0	97.788	32,0	117.758	38,5
Cantabria	173.413	61.004	35,2	2.530	1,5	32.567	18,8	77.311	44,6
Castela e León	1.022.345	613.314	60,0	290	0,0	86.219	8,4	322.522	31,5
Castela-A Mancha	310.989	166.484	53,5	891	0,3	46.231	14,9	97.383	31,3
Cataluña	5.485.123	3.336.263	60,8	21.900	0,4	1.002.347	18,3	1.124.614	20,5
C. Valenciana	1.805.864	875.112	48,5	1.980	0,1	206.643	11,4	722.129	40,0
Extremadura	187.222	51.581	27,6	-	-	51.635	27,6	-	-
Galicia	1.058.152	508.063	48,0	2.433	0,2	133.890	12,7	413.766	39,1
Madrid	6.902.714	3.874.245	56,1	18.870	0,3	1.954.603	28,3	1.054.996	15,3
Murcia	468.492	243.417	52,0	129	0,0	68.337	14,6	156.609	33,4
Navarra	623.126	455.523	73,1	-	-	40.693	6,5	-	-
País Vasco	2.107.249	1.590.732	75,5	1.485	0,1	159.988	7,6	355.044	16,8
A Rioxa	102.670	39.774	38,7	40	0,0	26.604	25,9	36.251	35,3
Ceuta e Melilla	14.061	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total (1)</b>	<b>23.930.881</b>	<b>13.342.419</b>	<b>55,8</b>	<b>62.124</b>	<b>0,3</b>	<b>4.564.779</b>	<b>19,1</b>	<b>5.961.559</b>	<b>24,9</b>

(1) inclúe empresas, institucións privadas sen fins de lucro, administración pública e ensinanza superior

Nota: as celdas que son secreto estatístico se indican con valor 0 (-)

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

## ■ 5.2.10.

### • Persoal de investigación e desenvolvemento

O persoal empregado en actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) é un dos indicadores clave para avaliar o esforzo investidor e a capacidade innovadora dunha economía. A súa medición realízase a través da equivalencia a xornada completa, que suma tanto ao persoal a tempo completo como á conversión a tempo completo do persoal a tempo parcial. A Estatística sobre Actividades de I+D do Instituto Nacional de Estadística (INE) revela que tras o aumento significativo no número de efectivos dedicados a I+D en Galicia en 2023, no último ano redúcese un 3,7%, o que contrasta coa medra do 4,6% a nivel nacional.

Como se observa no **cadro 5.2.11.**, no ano 2024, último dato dispoñible, Galicia contaba con 13.347 empregados nestas actividades, o que implica que se rexistran 10,6 persoas en equivalencia a xornada completa por cada mil activos, punto e medio por debaixo da media española que é de 12,1 persoas por cada mil activos. O devandito descenso do número de persoas empregadas en EJC nas actividades de I+D en Galicia prodúcese en tres dos catro grupos de actividades analizados, aumentando tan só no caso do ensino superior, cunha medra interanual do 0,7%, o que supón 39 persoas máis. Por contra, o descenso máis acusado en termos absolutos rexístrase no ámbito empresarial, e en menor medida, na administración pública. En concreto, as empresas contan con 391 persoas menos, o que supón unha caída interanual do 5,9%, sendo este descenso do 7,7% na administración pública (151 persoas).

Personal empregado nas actividades de I+D nas CC.AA. 2024: distribución segundo sector

	Total (1)		Empresas		IPSFL		Administración Pública		Ensinanza superior	
	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores	Total	Investigadores
Andalucía	33.133	20.016	10.337	5.405	130	72	7.053	3.209	15.613	11.330
Aragón	8.396	4.911	4.143	1.794	31	17	1.706	942	2.517	2.158
Asturias	5.265	3.938	2.119	1.288	9	8	669	277	2.467	2.365
Baleares	3.067	2.025	934	349	3	3	728	415	1.403	1.258
Canarias	4.529	3.009	1.279	713	38	17	1.254	615	1.958	1.664
Cantabria	2.658	1.794	928	524	35	31	638	436	1.058	804
Castela e León	12.574	8.450	5.296	3.097	8	7	1.214	519	6.056	4.828
Castela-A Mancha	4.032	2.091	1.743	744	23	11	796	530	1.470	806
Cataluña	66.003	38.829	33.743	18.390	268	146	12.735	6.864	19.258	13.430
C. Valenciana	25.454	15.424	10.769	5.200	39	28	3.142	1.842	11.503	8.354
Extremadura	2.978	2.090	725	378	-	-	729	327	-	-
Galicia	13.347	8.736	6.228	3.805	58	43	1.817	931	5.245	3.957
Madrid	73.931	46.743	36.906	19.623	226	132	15.427	8.204	21.371	18.783
Murcia	7.927	4.896	3.190	1.249	7	7	942	396	3.787	3.245
Navarra	6.501	3.912	3.811	1.738	-	-	501	286	-	-
País Vasco	23.905	16.487	16.753	10.836	23	16	1.712	905	5.416	4.731
A Rioxa	1.407	933	520	233	1	1	321	193	564	506
Ceuta e Melilla	184	97	-	-	-	-	-	-	-	-
<b>Total (1)</b>	<b>295.290</b>	<b>184.382</b>	<b>139.437</b>	<b>75.375</b>	<b>917</b>	<b>553</b>	<b>51.396</b>	<b>26.897</b>	<b>103.540</b>	<b>81.557</b>


(1) inclúe empresas, institucións privadas sen fins de lucro, administración pública e ensinanza superior

Nota: as celdas que son secreto estatístico se indican con valor 0 (-)

Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.11.

Personal empregado en actividades de I+D en equivalencia a xornada completa 2008-24. Distribución porcentual segundo sectores



Fonte: INE, *Estadística sobre actividades de I+D*

5.2.12.

Tal como se mostra no **gráfico 5.2.12.**, o sector privado concentra no último ano o 46,7% do persoal empregado en actividades de I+D (47,8% en 2023) fronte ao 39,3% no ensino superior (37,6% en 2023), manténdose estable o peso do emprego no ámbito da administración pública no 13,6% do total.

En relación ao persoal investigador, tras unha caída interanual do 3,5%, Galicia conta no ano 2024 con 8.736 investigadores, o que supón o 4,7% do total estatal. O persoal investigador distribúese por sectores de xeito que o 46,6% das persoas investigadoras a xornada completa en Galicia está no sector empresarial o 45,3% no ensino superior, e un 10,7% na administración pública.

Comparado co total estatal, a importancia relativa da ocupación de investigadores e investigadoras no sector empresarial galego é case tres puntos superior á media española (40,9%), situándose Galicia como a cuarta C.A. co peso máis elevado, lonxe so 65,7% rexistrado no País Vasco, situándose estas porcentaxes no 47,4% en Cataluña e no 44,4% en Navarra. Asemade, no conxunto do Estado o peso relativo do persoal investigador no ensino superior é de 44,2%, sendo a súa importancia relativa do 14,6% no caso da ocupación na administración pública.


#### • **Indicadores de alta tecnoloxía**

Os indicadores de alta tecnoloxía constitúen unha ferramenta clave para avaliar tanto os resultados e o impacto das actividades de investigación e desenvolvemento (I+D) como a competitividade e a internacionalización dunha economía. Este sector abrangue aquelas áreas e produtos que, debido á súa complexidade e innovación, demandan un esforzo constante en I+D e unha base tecnolóxica sólida. Segundo a *Estatística sobre actividades de I+D* do Instituto Nacional de Estatística (INE), a alta tecnoloxía divídese en tres grandes categorías: o sector manufactureiro de tecnoloxía alta, que inclúe actividades como a farmacia, a fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos, a construción aeronáutica e espacial e a súa maquinaria; o sector manufactureiro de media-alta tecnoloxía, que comprende actividades como a fabricación de produtos químicos, material militar, equipo eléctrico, vehículos de motor, material de transporte non naval e outros produtos técnicos especializados; e, por último, o sector de servizos de tecnoloxía alta.

Para medir a competitividade a nivel internacional dun determinado territorio, pódense utilizar os datos da evolución do comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía. Así, resulta esencial analizar o grao de internacionalización das empresas deste sector, xa que un maior nivel de exportación e penetración nos mercados internacionais non só reflicte a capacidade tecnolóxica e innovadora das empresas, senón tamén a súa capacidade para competir nunha economía global cada vez máis interconectada. Tal como se observa no **cadro 5.2.14.**, en 2025 rexístrase unha medra das exportacións e das importacións destes produtos, o que repercute nun aumento da actividade comercial dos produtos de alta tecnoloxía ata os 1.237,9 millóns de euros, o que representa unha taxa de variación interanual do 9,7%.

O valor total das exportacións galegas destes produtos a terceiros países ascende en 2025 a

Gasto interno e persoal en actividades de I+D en Galicia e España 2023-24: taxas de crecemento



Fonte: INE, Estadística sobre actividades de I+D

5.2.13.

Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía 2024-25 (1)


	Exportacións			Importacións		
	2024 <i>(en miles de euros)</i>	2025 <i>(en miles de euros)</i>	25/24 <i>(%)</i>	2024 <i>(en miles de euros)</i>	2025 <i>(en miles de euros)</i>	25/24 <i>(%)</i>
<b>Total</b>	<b>574.777</b>	<b>610.695</b>	<b>100</b>	<b>554.003</b>	<b>627.172</b>	<b>100</b>
Construción aeronáutica e espacial	2.532	1.961	0,3	52.211	81.870	13,1
Maquinaria de oficina e equipo informático	40.341	29.124	4,8	27.540	23.161	3,7
Mat.electrónico: equipos de radio, tv e telecom.	146.505	162.410	26,6	204.228	228.395	36,4
Produtos farmacéuticos	120.330	129.015	21,1	29.092	26.733	4,3
Instrumentos científicos	28.922	32.926	5,4	138.302	157.422	25,1
Maquinaria e material eléctrico	15.641	17.171	2,8	36.292	20.558	3,3
Produtos químicos	211.503	227.558	37,3	37.452	51.728	8,2
Maquinaria e equipo mecánico	6.008	4.416	0,7	24.088	29.055	4,6
Armas e municións	2.995	6.113	1,0	4.799	8.249	1,3

(1) datos 2025 son provisionais  
Fonte: IGE, Alta tecnoloxía

5.2.14.



**Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía 2013-25 <sup>(1)</sup>**



(1) datos 2025 son provisionais  
 Fonte: IGE, Alta tecnoloxía

### ■ 5.2.15.

610,7 millóns de euros, o que supón unha medra interanual do 6,7%, en tanto que as importacións aumentan un 13,2% para situarse nos 627,2 millóns de euros. O **gráfico 5.2.15.** reflicte un intenso descenso das vendas de produtos de alta tecnoloxía a terceiros países, que acadaron o seu punto máximo no ano 2022. Pola súa banda, o valor total das importacións, que experimentaron un crecemento continuado desde 2019, acadan o seu máximo no ano 2025.

En relación coas exportacións, a desagregación por sectores permite destacar a relevancia do subsector de produtos químicos, que concentra o 37,3% do valor total das exportacións galegas de produtos de alta tecnoloxía, cun volume de 227,6 millóns de euros, un 7,6% superior ao experimentado no ano precedente. Tamén salientan os sectores de material electrónico, incluíndo equipos de radio, televisión e telecomunicacións, que supón o 26,6% do total exportado, cun importe de 162,4 millóns, un 10,9% máis que no ano precedente; e o de produtos farmacéuticos, que, tras incrementos do 7,2%, concentra o 21,1% do total. No referente ás importacións, o material electrónico representa a principal categoría, cunha cota do 36,4% sobre o total das compras exteriores deste tipo de produtos, mentres que os instrumentos científicos acadan o 25,1% do total.

Tras esta evolución, o saldo da balanza comercial é negativo por primeira vez dende o ano 2011. En concreto, o déficit ascende a 16,5 millóns de euros fronte ao saldo positivo de 20,8 millóns de 2024. No último ano os sectores que presentan un saldo comercial positivo máis elevado seguen sendo os de produtos químicos, cun saldo positivo de 175,8 millóns de euros, e o sector de produtos farmacéuticos, con 102,3 millóns. Por contra, o sector co saldo comercial negativo máis elevado corresponde no último ano ao sector de instrumentos científicos, cun déficit de 124,5 millóns de euros, por diante das actividades englobadas en maquinaria de oficina e equipo informático, con 79,9 millóns, e o sector de material electrónico: equipos de radio, TV e telecomunicacións, cun déficit de 66 millóns de euros.

**Orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento para os exercicios 2025 e 2026: distribución Consellería e programa**

		2026			
		-10,4%	11,5%	33,5%	-13,3%
		Plan Galego de I+D+i	Investigación universitaria	Investigación sanitaria	Fomento da Sociedade da información e do coñecemento
Total		(en miles de euros)			
		(% / total)			
<b>Total</b>	<b>473.308,4</b>	<b>191.823,7</b>	<b>118.576,7</b>	<b>31.112,0</b>	<b>131.796,0</b>
Axencia Galega de Innovación	107.722,5	22,8	107.722,5	-	-
Axencia Galega de Industria Forestal	2.070,6	0,4	2.070,6	-	-
Cons. Economía e Industria	14.858,6	3,1	14.858,6	-	-
Instituto Enerxético de Galicia	665,5	0,1	665,5	-	-
Instituto Galego de Promoción Económica	42.071,6	8,9	42.071,6	-	-
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	19.461,2	4,1	19.461,2	-	-
Consellería do Mar	4.973,7	1,1	4.973,7	-	-
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP	118.576,7	25,1	-	118.576,7	-
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	4.016,7	0,8	-	4.016,7	-
Servicio Galego de Saúde	27.095,3	5,7	-	27.095,3	-
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	131.796,0	27,8	-	-	131.796,0

		2025			
		43,2%	21,5%	4,7%	30,7%
		Plan Galego de I+D+i	Investigación universitaria	Investigación sanitaria	Fomento da Sociedade da información e do coñecemento
Total		(en miles de euros)			
		(% / total)			
<b>Total</b>	<b>495.685,3</b>	<b>214.075,0</b>	<b>106.363,1</b>	<b>23.298,1</b>	<b>151.949,1</b>
Axencia Galega de Innovación	119.877,0	24,2	119.877,0	-	-
Cons. Economía e Industria	17.863,0	3,6	17.863,0	-	-
Instituto Galego de Promoción Económica	46.786,9	9,4	46.786,9	-	-
Axencia Galega de Calidade Alimentaria	23.381,6	4,7	23.381,6	-	-
Consellería do Mar	6.165,5	1,2	6.165,5	-	-
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	1,0	0,0	1,0	-	-
Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP	106.363,1	21,5	-	106.363,1	-
Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde	3.931,7	0,8	-	3.931,7	-
Servicio Galego de Saúde	19.366,4	3,9	-	19.366,4	-
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	151.949,1	30,7	-	-	151.949,1

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública, *Orzamentos*

**5.2.16.**

**• Orzamento**

Os orzamentos da Xunta de Galicia presentan un descenso dos recursos destinados ao investimento para investigación, desenvolvemento e innovación (56), dentro do grupo de función 5 (Producción de bens públicos de carácter económico). No exercicio 2025 o investimento previsto ascendía aos 343,7 millóns de euros, descendendo ata os 341,5 millóns nos presupostos definitivos para o 2026.

O programa cunha maior dotación de recursos corresponde ao Plan Galego en I+D+i, ao que se destina 191,8 millóns de euros (214,1 millóns en 2025), dos que a Axencia Galega de Innovación (GAIN) xestiona 107,7 millóns de euros, fronte aos 42,1 millóns xestionados polo



### Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2024-25

	2025			2024		
	Proxectos	Achega CDTI	Orzamento total	Proxectos	Achega CDTI	Orzamento total
	<i>(en miles de euros)</i>			<i>(en miles de euros)</i>		
<b>Galicia</b>	<b>72</b>	<b>43.508,6</b>	<b>57.298,4</b>	<b>75</b>	<b>38.685,7</b>	<b>51.252,6</b>
<b>A Coruña</b>	29	19.328,9	25.885,1	2	1.742,6	3.452,4
<b>Lugo</b>	3	1.143,1	1.541,9	42	20.111,9	24.965,9
<b>Ourense</b>	2	824,4	969,9	2	1.404,7	1.869,1
<b>Pontevedra</b>	38	22.212,2	28.901,5	29	15.426,5	20.965,2
<b>Total España</b>	<b>1.476</b>	<b>1.026.746,5</b>	<b>1.445.199,6</b>	<b>1.545</b>	<b>848.472,2</b>	<b>1.165.152,4</b>

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial

#### ■ 5.2.17.

IGAPE, e os 19,5 millóns de euros da Axencia Galega de Calidade Alimentaria. O Plan de investigación universitaria, xestionado pola Consellería de Cultura, Educación, Universidade e Formación Profesional, incrementa o seu orzamento ata os 118,6 millóns de euros (106,4 millóns no exercicio 2025), en tanto que o Plan de investigación sanitaria aumenta o seu crédito orzamentario respecto ao ano anterior ata os 31,1 millóns (no exercicio 2025 destinaranse 23,3 millóns de euros).

Xunto aos sinalados programas hai que considerar a función de fomento da sociedade da información e do coñecemento (función 57), que a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), concentra no exercicio 2025 un total de 131,8 millóns de euros (vinte menos que a incluída no orzamento anterior)

A actividade do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), axencia xestora de recursos crediticios destinados ao financiamento de proxectos de desenvolvemento tecnolóxico e innovación entre empresas españolas, rexistra un aumento no ano 2025 do orzamento comprometido a pesar de contar con tres proxectos empresariais aprobados menos. En concreto, Galicia conta con 72 proxectos de proxectos de I+D aprobados, tres menos que no ano anterior; aumentando os fondos comprometidos ata os 43,5 millóns de euros fronte aos 38,7 millóns do ano anterior. O investimento total destes proxectos aprobados en Galicia ascende ata os 57,3 millóns de euros, o que significa un 11,8% máis que no ano anterior (6 millóns máis).

A nivel estatal, como se desprende dos datos recollidos no **cadro 5.2.17.**, rexístrase unha caída do 4,5% no número de proxectos (69 proxectos menos), aumentando nun 24% o orzamento total dos proxectos de media no conxunto do Estado. Galicia concentra no último ano o 4,9% do total de proxectos aprobados en España, e o 4% do orzamento total (4,9% e 4,4% no ano 2024).

No concernente á distribución segundo áreas sectoriais, **cadro 5.2.18.**, o maior número de proxectos aprobados rexístrase nos sectores das tecnoloxías da información e comunicacións (TIC) e nos sectores industriais, con 15 e 14 proxectos, respectivamente; seguido dos sectores

**Proxectos aprobados polo CDTI nas CC.AA. 2024-25: distribución segundo áreas sectoriais**

	2025			2024		
	Proxectos	Orzamento total <i>(miles de euros)</i>	Achega CDTI	Proxectos	Orzamento total <i>(miles de euros)</i>	Achega CDTI
Seguridade e defensa	10	12.233,3	16.174,5	2	1.249,8	705,3
Tecnoloxía da información e comunicacións	15	6.906,3	8.359,7	23	12.208,8	10.283,4
Sectores industriais	14	6.026,8	8.162,8	24	19.295,2	13.491,9
Enerxía	3	4.040,6	5.432,6	2	725,6	648,2
Alimentación, agricultura e pesca	10	3.967,3	4.529,6	9	7.239,5	6.109,4
Medioambiente e ecoinnovación	5	2.726,1	3.074,6	4	1.233,9	963,0
Farmacéutico	2	2.714,6	3.878,6	3	2.355,7	1.793,1
Aeroespacial	3	2.295,4	3.638,9	4	4.229,0	2.733,9
Construción, ordenación do territorio e patrimonio cultural	5	1.230,8	2.113,2	1	1.205,1	903,8
Bioteχνoloxía	3	744,5	1.022,1	0	-	-
Saúde	2	622,8	911,9	2	1.194,6	896,0
Transporte e infraestruturas	-	-	-	1	315,3	157,7
<b>Total</b>	<b>72</b>	<b>43.508,6</b>	<b>57.298,4</b>	<b>75</b>	<b>51.252,6</b>	<b>38.685,7</b>

Fonte: Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial

**5.2.18.**

de seguridade e defensa e da alimentación, agricultura e pesca, con 10 proxectos cada un. No que atinxe ao orzamento total e á aportación do CDTI, salienta a área de seguridade e defensa, con 16,2 e 12,2 millóns de euros, o que representa o 28,2% do total galego. A continuación situaríanse as tecnoloxías da información, cun orzamento total de 8,4 millóns de euros, e os sectores industriais, con 8,2 millóns. En conxunto, estas tres áreas sectoriais concentran o 57,1% do orzamento e o 54,2% dos proxectos aprobados en Galicia.

Atendendo á distribución segundo provincias, en 2025 aprobáronse na provincia de Pontevedra un total de 38 proxectos, ascendendo o orzamento total ata os 28,9 millóns de euros, o 50,4% do total galego (as achegas do CDTI sitúanse en 22,2 millóns, o 51,1%). A provincia da Coruña concentra o 40,3% dos proxectos aprobados e a achega o 45,2% do orzamento total aprobado en Galicia (29 proxectos e 25,9 millóns de euros).

**• Propiedade industrial**

A protección dos resultados derivados da actividade investigadora e innovadora materialízase, entre outras vías, no rexistro de títulos de propiedade industrial, sendo as patentes un dos indicadores máis representativos do grao de aproveitamento e transferencia do coñecemento xerado. Neste contexto, o número de solicitudes de invención nos rexistros de propiedade industria l–patentes vía estatal e modelos de utilidade– aumenta no último ano ata os 186, o que supón 42 máis que no ano anterior, aumentando o seu peso relativo no total estatal ata o 4,3%, sete décimas máis que no ano anterior (**cadro 5.2.19.**).

O devandito incremento vén motivado pola evolución positiva do número de modelos de utilidade, o que contrasta coa lixeira redución experimentada no caso das patentes. Ao longo do ano 2025 rexistráronse en Galicia un total de 58 solicitudes de patentes, dúas menos que

### Estatísticas da propiedade industrial nas CC.AA. 2025

	Solicitudes de patentes	Modelos de utilidade	Deseño industrial	Marcas	Nomes comerciais
Andalucía	171	409	1.612	7.992	2.538
Aragón	18	81	353	1.240	307
Asturias	9	46	109	835	272
Baleares	25	56	686	1.597	533
Canarias	29	92	789	2.736	911
Cantabria	22	29	172	553	183
Castela-A Mancha	26	82	665	1.448	459
Castela e León	58	96	284	1.868	605
Cataluña	208	462	3.920	9.511	2.226
C. Valenciana	196	418	2.539	6.432	1.674
Estremadura	16	34	101	849	195
<b>Galicia</b>	<b>58</b>	<b>128</b>	<b>450</b>	<b>2.404</b>	<b>798</b>
A Coruña	18	58	154	1.141	363
Lugo	6	6	14	240	82
Ourense	5	10	45	222	69
Pontevedra	29	54	237	801	284
Madrid	299	466	2.764	12.918	3.071
Murcia	50	119	407	1.656	391
Navarra	15	46	170	605	138
País Vasco	63	119	713	1.963	492
A Rioxa	10	16	249	488	89
Ceuta e Melilla	-	5	7	79	27
Non consta e estranxeiros	177	219	42	1.984	97
<b>Total</b>	<b>1.450</b>	<b>2.923</b>	<b>16.032</b>	<b>57.158</b>	<b>15.006</b>

Fonte: Oficina Española de Patentes y Marcas

#### ■ 5.2.19.

no ano anterior, e 128 modelos de utilidade, 44 máis que no ano precedente, o que mantén a Galicia como a quinta Comunidade Autónoma con maior número de solicitudes de patentes e a sitúa como a sétima con maior número de solicitudes de modelos de utilidade. En relación ao total estatal, Galicia acolle o 4,5% das solicitudes de patentes rexistradas e o 4,1% dos modelos de utilidade.

Ao mesmo tempo, rexístrase un aumento do número de solicitudes de nomes comerciais, marcas e deseños industriais. No último ano rexistráronse un total de 2.404 solicitudes de marcas (120 máis que no ano anterior); 798 nomes comerciais (13 máis que no ano anterior), e 450 solicitudes de deseño industrial, o que supón 89 máis que en 2024.

### Sociedade do coñecemento

O orzamento das funcións de I+D+i e da Sociedade da Información e do Coñecemento presenta no exercicio 2025 unha redución interanual do 4,5%, acadando un total de 473,3 millóns de euros, 22,4 millóns menos que no exercicio precedente. O antedito **cadro 5.2.16.** reflicte que o 40,5% deses recursos, 191,8 millóns de euros, diríxense ao financiamento do Plan Galego de I+D+i, máis de dous puntos porcentuais e medio inferior ao consignado no orzamento no exercicio anterior (43,2%; 214,1 millóns de euros), superando aos programas de gasto

**Alumnado matriculado en ciencias experimentais nas universidades galegas e españolas 2019-25**

	2019-20	2020-21	2021-22	2022-23	2023-24	2024-25	24-25/ 23-24
<b>UDC</b>							
Enxeñerías e arquitectura	4.282	4.274	4.210	4.284	4.455	4.629	174
Ciencias experimentais	701	726	760	751	797	830	33
<b>USC</b>							
Enxeñerías e arquitectura	1.272	1.321	1.386	1.485	1.516	1.621	105
Ciencias experimentais	2.287	2.347	2.373	2.430	2.487	2.457	-30
<b>UVigo</b>							
Enxeñerías e arquitectura	4.667	4.610	4.526	4.615	4.697	4.874	177
Ciencias experimentais	1.175	1.212	1.195	1.197	1.180	1.182	2
<b>Galicia</b>							
Enxeñerías e arquitectura	10.221	10.205	10.122	10.384	10.668	11.124	456
Ciencias experimentais	4.163	4.285	4.328	4.378	4.464	4.469	5
<b>Galicia / España (%)</b>							
Enxeñerías e arquitectura	4,5	4,4	4,3	4,3	4,2	4,1	
Ciencias experimentais	5,0	5,0	5,2	5,3	5,3	5,2	

Fonte: Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades, *Estadísticas universitarias*

■ **5.2.20.**

para o Fomento da sociedade da información e do coñecemento, cun orzamento de 132 millóns de euros (o 27,8% do total) e o dirixido a investigación universitaria, que tras unha medra do 11,5%, alcanza os 118,6 millóns (o 25,1% do total).

Alén dos recursos públicos destinados ao impulso da sociedade do coñecemento, un indicador clave da relevancia e das perspectivas profesionais do sector constitúeo o volume de alumnado matriculado en titulacións de ciencias experimentais e técnicas nas universidades galegas. Neste senso, **cadro 5.2.20.**, salienta que no curso 2024-2025 aumenta o alumnado matriculado no sistema universitario galego en enxeñería e arquitectura, que acada as 11.124 persoas, un 4,3% máis que no ano anterior (456 alumnos e alumnas máis), situándose en 4.469 no caso das ciencias experimentais, 5 persoas máis que no curso anterior (0,1%). Comparado co total estatal, o peso relativo do alumnado galego sitúase no 4,1% e 5,2%, respectivamente.

Os datos proporcionados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (Osimga) permiten analizar a situación actual e evolución da sociedade da información en Galicia. Este Observatorio agrupa os distintos parámetros en indicadores da demanda (poboación e empresas), referentes ao nivel de equipamento e utilización de produtos e servizos TIC, e indicadores de oferta (sector TIC e administración electrónica), que fan referencia ao sector empresarial das TIC e á oferta de servizos públicos relacionados coa administración electrónica e a modernización administrativa.

## Indicadores da sociedade de innovación de Galicia. Indicadores de demanda

Poboación		2024	2023
Fogares con internet contratado	(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16-74 anos)	95,5	94,3
Fogares con acceso a internet e velocidade máx. de descarga de 100 Mb/seg ou sup.		62,2	44,8
Persoas que utilizaron o ordenador nos últimos tres meses	(% sobre o total de persoas de 16-74 anos)	95,9	92,8
Persoas que utilizaron internet nos últimos tres meses	(% sobre o total de persoas de 16-74 anos)	93,9	91,5
Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de internet nos últimos tres meses	(% sobre o total de persoas de 16-74 anos que utilizaron internet)	67,4	63,9
Empresas (10 ou máis empregados) con actividade en Galicia		2025	2024
Empresas que dispoñen de conexión a internet	(% sobre o total de empresas)	99,1	98,2
Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial	(% sobre o total de empresas)	20,5	13,1
Empresas con acceso a internet e velocidade máx. de descarga de 100 Mb/seg ou sup.	(% sobre o total de empresas)	87,4	84,4
Empresas que teñen páxina web	(% sobre o total de empresas con conexión a internet)	83,0	79,5
Empresas que compraron a través de internet (último ano)		nd	36,5
Empresas que venderon a través de internet (último ano)	(% sobre o total de empresas)	27,0	26,5
Empresas (menos de 10 empregados) con actividade en Galicia		2025	2024
Empresas con acceso internet contratado	(% sobre o total de empresas)	75,2	80,9
Empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia Artificial	(% sobre o total de empresas)	9,8	5,3
Empresas con acceso a internet e velocidade máx. de descarga de 100 Mb/seg ou sup.	(% sobre o total de empresas con conexión a internet)	71,5	69,3
Empresas que teñen páxina web		28,7	31,2
Empresas que compraron a través de internet (último ano)	(% sobre o total de empresas)	nd	18,3
Empresas que venderon a través de internet (último ano)	(% sobre o total de empresas)	7,9	12,5

Fonte: Xunta de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

### ■ 5.2.21.

En primeiro lugar, no que respecta aos indicadores da demanda da poboación entre 16 e 74 anos, o último informe reflicte que en 2024 (último dato dispoñible), continúa a mellora do acceso a internet tendo en conta que o 95,5% dos fogares con internet teñen conexión a través de banda larga (94,3% no ano anterior), mentres que tamén se incrementa a porcentaxe de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron internet e as que adquiriron algún ben ou servizo a través da rede nos últimos tres meses, que foi do 93,9% e do 67,4% respectivamente.

Os indicadores de demanda correspondentes ás empresas están actualizados ao ano 2025, e o seu valor ven directamente determinado polo tamaño da empresa. Neste senso, dunha banda, case a totalidade das empresas de dez ou máis empregados con actividade en Galicia dispón de acceso a internet contratado (99,1%), reducíndose esta porcentaxe en máis de cinco puntos e medio no caso das empresas de menos de dez empregados para situarse no 75,2% (80,9% no ano precedente). A porcentaxe de empresas tanto de 10 ou máis empregados como de menos que utilizan tecnoloxías de IA aumenta significativamente no último ano; en concreto, empregas estas tecnoloxías o 20,5% das empresas de dez ou máis persoas empregadas (13,1% no ano 2024) e 9,2% no caso das empresas de menos de dez persoas traballadoras (5,3% no ano anterior).

En relación coa actividade comercial, o **cadro 5.2.21.** reflicte a súa evolución segundo o tamaño das empresas. No caso das empresas con 10 ou máis empregados, obsérvase un incremento na proporción das que realizan compras a través de internet, que acada o 36,5% (34,5% no ano 2023), ao tempo que se rexistra unha medra na porcentaxe das que efectúan

Indicadores da sociedade de innovación de Galicia. Indicadores de oferta

Sector TIC		2023	2022
Empresas do sector	(número de empresas)	3.108	3.140
Achega do sector ao PIB galego	(% sobre o PIB galego)	2,6	2,5
		2024	2023
Personal empregado no sector TIC	(número de persoas)	23.467	22.932
Taxa de emprego respecto total de persoas ocupadas	(% sobre total de ocupación)	2,2	2,2
Volume de negocios	(millóns de euros)	3.932	3.714
		2025	2024
Empresas do sector TIC que realizaron actividades de I+D+i	(% sobre o total de empresas TIC)	31,3	36,8
Empresas TIC con máis de 10 empregados que venderon a través de internet (último ano)	(% sobre o total de empresas TIC)	25,7	28,8
Empresas do sector TIC que empregan software libre igual ou superior ao privativo	(% sobre o total de empresas TIC)	28,0	29,9
Administración electrónica		2024	2023
Persoas que interactúan coas administracións públicas por motivos persoais	(% sobre o total de persoas de 16-74)	81,5	71,8
Persoas con sistema de rexistro electrónico	(nº persoas con entrada no rexistro)	863.284	786.902
Número de procedementos dispoñibles para a tramitación electrónica completa en liña	(nº de procedementos)	2.195	2.130
		2023	2020
Empresas de 10 ou máis empregados que interactúan coas Adm. Públicas (1)		94,8	97,6
(i) para obter información	( % sobre o total de empresas con conexión a internet)	94,5	89,8
(i) para obter formularios		93,4	91,2
(i) para devolver impresos cumprimentados		90,8	85,4
Empresas de 10 ou menos empregados que interactúan coas Adm. Públicas		71,3	73,9
(i) para obter información	( % sobre o total de empresas con conexión a internet)	84,5	63,7
(i) para obter formularios		79,6	63,9
(i) para devolver impresos cumprimentados		74,4	55,8
		2023	2022
Procedementos que se poden iniciar telemáticamente para a cidadanía	(% sobre total de procedementos que proporciona a Xunta)	68,3	68,3
Procedementos que se poden iniciar telemáticamente para as empresas		40	39,4
Axudas iniciadas telemáticamente	(% sobre o total de axudas da Xunta)	99,5	100,0
		2023	2021
Concellos que dispoñen de rexistro electrónico (2)	(% total concellos con sede electrónica)	98,5	99,6
Concellos que dispoñen de sede electrónica (2)	(% total concellos con sitio web)	99,0	97,3
Concellos que dispoñen de pago electrónico (2)	(% total concellos con sede electrónica)	24,5	19,4

(1) Últimos datos dispoñibles

(2) Os datos relativos á Administración Local teñen periodicidade bienal.

Fonte: Xunta de Galicia. Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA)

5.2.22.

vendas por este medio, situándose no 27% en 2025 (26,5% no ano precedente). Pola contra, entre as empresas con menos de 10 empregados, redúcese a porcentaxe das que compran en liña, pasando do 20% ao 18,3%, mentres que se reduce o peso das que venden por internet, alcanzando o 7,9% en 2025 fronte ao 12,5% do ano anterior.

A evolución do sector TIC en Galicia continúa a mostrar sinais de consolidación e crecemento. Segundo os datos recollidos no **cadro 5.2.22.**, en 2023 o número de empresas pertencentes ao sector acadou as 3.108, o que representa un descenso do 1% respecto ao ano anterior. Con todo, a súa achega ao PIB galego aumenta ata o 2,6%, unha décima máis que no exercicio precedente.



O ano 2024 presenta unha mellora nos principais indicadores de actividade, ao rexistrarse un aumento do 2,3% no número de persoas empregadas, que chega ás 23.467, e un crecemento do 5,9% no volume de negocio, que acada os 3.932 millóns de euros.

En paralelo, os datos sobre a interacción dixital da cidadanía coa Administración pública revelan que en 2024, último dato dispoñible, arredor 81,5% da poboación entre os 16 e os 74 anos realizou trámites administrativos por internet por motivos persoais. No caso do tecido empresarial, a dixitalización está máis estendida entre as empresas de maior tamaño: máis do 90% das que contan con dez ou máis persoas empregadas e teñen acceso a internet interactúan coas Administracións Públicas por medios electrónicos, sendo esta porcentaxe inferior ao 75% no caso das empresas de menos de dez persoas traballadoras. 